

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 20 DE XUÑO DE 2012.**

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 20 de xuño de 2012, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

D. RAMÓN RODRÍGUEZ ROMARÍS. (PSG-PSOE)

Dª MARÍA DEL CARMEN REY TUÑEZ. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE)

Dª. PATRICIA VÁZQUEZ LAMAS. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ BOUZAS ESPARÍS. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS. (PSG-PSOE)

D. JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE)

D. CARLOS TOMÉ FONDO. (PP).

Dª MERCEDES GLORIA VÁZQUEZ GARCÍA. (PP)

Dª MARÍA DEL MAR COBAS CAJUSO. (PP)

Dª MÓNICA PATO MAGARIÑOS. (PP)

D. XESÚS PENA ESPÍÑA.(BNG)

SECRETARIO: D. JAVIER NIEVES GONZÁLEZ, Secretario do Concello.

Asiste o Interventor acctal D. JOSÉ ANTONIO BOUZAS NEO.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

---

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 18.04.2012.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 13.04.2012 AO 15.06.2012.

3º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA LICENZA DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS OU POLA ACTIVIDADE DE CONTROL POSTERIOR DAQUELAS ACTIVIDADES SOMETIDAS A COMUNICACIÓN PREVIA OU DECLARACIÓN RESPONSABLE.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DO COMPLEXO DA PISCINA CUBERTA MUNICIPAL.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DOS FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO.

6º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DO REGULAMENTO INTERNO DE ACCIÓN VOLUNTARIA DO CONCELLO.

7º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DECLARACIÓN DA ROMARÍA DE SANTA MINIA COMO FESTA DE GALICIA DE INTERESE TURÍSTICO.

8º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA DEDICAR A ROBERTO VIDAL BOLAÑO O DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2013.

9º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS E DACIÓN DE CONTA DE INFORME DE AVALIACIÓN DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.

10º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.

11º) MOCIÓNS.

12º) ROGOS E PREGUNTAS.

---

### **1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 18.04.2012.**

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo á acta da sesión do 18 de abril de 2012.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos trece membros presentes acorda aprobala sen ningunha rectificación.

### **2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 13.04.2012 AO 15.06.2012.**

Pola Alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben:

13.04.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 100 euros con efectos a 9 de febreiro (CP Agro Novo).

13.04.12.- Solicitud de subvencións para o desenvolvemento de programas dirixidos á redución do abandono escolar nos concellos de Galicia para o ano 2012.

16.04.12.- Inicio expediente resolución de contrato de subministro mediante arrendamento, sen opción de compra, de tres máquinas de control de tempo, celebrado coa empresa IT-PROJETS, S.L.

16.04.12.- Autorización para celebrar o día 20 de abril de 2012 os festexos no lugar de Soigrex-a-Os Ánxeles.

16.04.12.- Dispoñer a obriga do beneficiario IT-PROJETS, S.L. de reintegrar a este Concello a cantidade de: 2.218,96 € a consecuencia do erro material na realización da transferencia de pago.

16.04.12.- Solicitud de subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación 2012 (Grumir).

16.04.12.- Solicitud de subvencions para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación 2012 (Limpeza e acondicionamento das fosas sépticas e do seu contorno).

16.04.12.- Solicitud de subvencions para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación 2012 (Cuadrilla de mantemento medioambiental).

17.04.12.- Inicio expediente de baixa de oficio por inscrición indebida no Padrón de Habitantes do Concello de Brión.

17.04.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 35,40 euros (Cableuropa SAU).

17.04.12.- Inicio expediente caducidade licenza maior para a construción de 4 bloques de edificios en Paseo de Pedrouzos.

18.04.12.- Acordo de baixa por duplicidade no Padrón de Habitantes do Concello de Brión.

18.04.12.- Aprobación do padrón fiscal das taxas polos servizos de subministración de auga, saneamento, depuración de augas residuais e canon de saneamento, correspondente ao 1º trimestre de 2012.

20.04.12.- Devolución do aval bancario depositado para responder das obras de "Mellora da eficiencia enerxética en distintos lugares do Concello de Brión", por importe de 2.909,41 euros a IEC Reboredo SL.

20.04.12.- Inclusión de veciños na actividade Encontros-Baile para a terceira idade para o ano 2012.

20.04.12.- Reintegro de 1.002 € da subvención concedida para "Avaliación I Plan de Igualdade e Redacción II Plan de Igualdade".

23.04.12.- Deixar sen efecto a resolución de Alcaldía de data 18 de abril de 2012 e aprobar o novo padrón fiscal referenciado por un importe de: 94.336,32 €.

23.04.12.- Solicitud de subvención para a contratación dun socorrista para as piscinas do Concello de Brión.

24.04.12.- Iniciar expediente para a resolución do contrato menor "Inspección vertedoiros de RSU clausurados" celebrado coa empresa Labaqua S.A., polo incumprimento por causa imputable ao contratista.

24.04.12.- Inicio expediente para a contratación da xestión do servizo de café bar no Centro Social Polivalente.

24.04.12.- Devolución de fianza das obras de "Apertura dunha gabia no lugar de Guitiande nº 63 e 64 (Os Ánxeles)", por importe de 200 euros.

24.04.12.- Devolución da fianza das obras de "Apertura dunha gabia no lugar de Viceso (Esparís)" por importe de 100 euros.

24.04.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 420,11 euros (Femp).

24.04.12.- Inicio expediente de prescrición de facturas do provedor Motivo JCB Galicia.

24.04.12.- Baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes deste Concello por inscrición indebida.

24.04.12.- Reintegro da cantidade de 3,10 € a unha traballadora polo pagamento anticipado derivado do pago de nota simple informativa no Rexistro da Propiedade de Negreira.

25.04.12.- Aprobación do expediente de contratación mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación da xestión do servizo de café bar no Centro Social Polivalente.

25.04.12.- Incorporación e baixa nas actividades de prevención e inserción presentadas desde 24 de febreiro e o 24 de abril de 2012.

25.04.12.- Devolución de ingresos indebidos a unha veciña polo importe de 390,00 euros, pagados en concepto de prezo público pola viaxe da terceira idade a Torremolinos.

25.04.12.- Devolución de ingresos indebidos a un veciño polo importe de 390,00 euros, pagados en concepto de prezo público pola viaxe da terceira idade a Torremolinos.

25.04.12.- Devolución de ingresos indebidos a unha veciña polo importe de 390,00 euros, pagados en concepto de prezo público pola viaxe da terceira idade a Torremolinos.

25.04.12.- Devolución de ingresos indebidos a un veciño polo importe de 390,00 euros, pagados en concepto de prezo público pola viaxe da terceira idade a Torremolinos.

25.04.12.- Devolución de ingresos indebidos a por importe de 135,00 euros pagados en concepto de prezo público pola viaxe da terceira idade a Chaves.

25.04.12.- Devolución de ingresos indebidos por importe de 135,00 euros pagados en concepto de prezo público pola viaxe da terceira idade a Chaves.

25.04.12.- Devolución de ingresos indebidos por importe de 10,00 euros, pagados en concepto de taxa por utilización do pavillón deportivo.

25.04.12.- Recoñecemento de ingreso indebido realizado por unha veciña quen por erro fixo un ingreso de 32,00 euros a favor do Concello de Brión.

26.04.12.- Baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes deste Concello por inscrición indebida.

27.04.12.- Pago da autoliquidación da taxa por autorizacións en vías provinciais da Deputación Provincial de A Coruña, por importe de 49,55 euros.

30.04.12.- Aceptación do cambio de vehículo da licenza nº 6 do servizo de auto-turismo.

30.04.12.- Autorización da acumulación do permiso de lactancia dunha traballadora.

30.04.12.- Altas no Padrón Municipal do mes de abril.

30.04.12.- Baixas no Padrón Municipal do mes de abril.

30.04.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 1.875 euros (premios do desfile de Entroido do ano 2012).

30.04.12.- Pago de nóminas mes de abril.

30.04.12.- Pago gratificacións a un laboral.

30.04.12.- Pago gratificacións a dous funcionarios.

30.04.12.- Abono da diferenza entre os complementos específicos de un mes dos dous postos de traballo (intervención e técnico de administración).

30.04.12.- Recoñecemento dun trienio a unha traballadora.

30.04.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 1.409,77 euros (Telefónica España).

30.04.12.- Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local para o 2 de maio de 2012.

30.04.12.- Embargo de créditos á empresa Comercial Barcia Pazos SL.

02.05.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 419,99 euros (Telefónica Móviles).

02.05.12.- Aprobación expediente modificación créditos MC 1/2012.

03.05.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 100 euros (CP Agro Novo).

03.05.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 762,60 euros (La Voz e Centyc Europa).

04.05.12.- Instrucións sobre ordenación da xornada laboral do persoal ao servizo do Concello de Brión.

04.05.12.- Liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de maio de 2012.

- 04.05.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 94,34 euros (CP Agro Novo).
- 04.05.12.- Aprobación certificación obra “Adecuación de servizos municipais afectados polas obras de: Modificación na AC-300, ramal de acceso á autovía Santiago-Brión” pola cantidade de 49.699,36 €
- 04.05.12.- Aprobación expediente modificación créditos MC 2/2012.
- 04.05.12.- Autorización do gasto de 3.560 € para apoiar o programa de “Vacacións en Paz 2012”.
- 04.05.12.- Adscrición de persoal ao programa de prevención de incendios forestais cofinanciado por Feader.
- 07.05.12.- Presentar ante a Consellería de Medio Ambiente o requirimento de cumprimento do convenio asinado para a execución das variantes da AC-300 e AC-451, ramais de acceso á autovía Santiago-Brión.
- 07.05.12.- Adxudicación do contrato de servizo de “Aluguer dun grupo electrógeno para as festas que se celebren no durante o ano 2012”, á empresa Ramón Pérez Lois, por un prezo unitario de 295 €/día, ive incluído e por un importe máximo de 8.260 €, ive incluído.
- 07.05.12.- Aprobación da liquidación das taxas da Xunta de Goberno Local celebrada o 2 de maio de 2012.
- 08.05.12.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio a dependentes correspondentes ao mes de abril 2012.
- 08.05.12.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de abril de 2012.
- 08.05.12.- Aprobación para a realización da actividade “Visita ao Museo do Pobo Galego” para os usuarios dos obradoiros de memoria, informática e ximnasia para maiores, o día 25 de maio.
- 08.05.12.- Proceder ao ingreso da cantidade de 6.240,00 euros en concepto de custos do financiamento da integración da política social no eido do Plan de Transporte Metropolitano para 2012.
- 08.05.12.- Proceder ao pago da sanción recaída no expediente tramitado polo organismo autónomo de Augas de Galicia, por importe de 6.310,64 euros.
- 09.05.12.- Declarar resolto o contrato menor de servizos de: Inspección vertedoiros de RSU clausurados, entre o Concello de Brión e a empresa Labaqua S.A. como consecuencia de vicios ou defectos imputables ao contratista.
- 09.05.12.- Compensar a cantidade de 1.268,68 euros en concepto de liquidación do imposto sobre incremento de valor dos terreos de natureza urbana dos exercicios 2009, 2010 e 2011 liquidadas pola Deputación á entidade mercantil Urban Portfolio Inmobiliario S.L.
- 10.05.12.- Declarar definitivamente adoptado o acordo de aprobación do Regulamento do programa de axudas ao transporte do Concello de Brión.
- 10.05.12.- Declarar definitivamente adoptado o acordo de aprobación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización dos servizos da escola infantil municipal.
- 10.05.12.- Declarar definitivamente adoptado o acordo de aprobación do Regulamento de réxime interior para o funcionamento da escola infantil municipal de Brión.
- 10.05.12.- Aprobar a liquidación do canon de 100 € pola xestión do servizo público de saneamento do Concello de Brión así como das taxas polos gastos de publicación polo importe total de 68,36 €
- 10.05.12.- Relación de veciños incluídos no Programa de Axudas ao Transporte presentadas entre os días 16 a 30 de abril de 2012.
- 11.05.12.- Listas provisionais de admitidos e excluídos para as prazas da Escola Infantil Municipal.

11.05.12.- Autorización para celebrar o día 20 de maio de 2012 os festexos de San Isidro no lugar dos Ánxeles.

14.05.12.- Remisión de expediente ao tribunal contencioso administrativo polo recurso interposto por D<sup>a</sup>. María José Pais Montero contra desestimación por silencio de reclamación administrativa de responsabilidade patrimonial do Concello por danos no seu vehículo.

14.05.12.- Personarse no procedemento citado anteriormente perante o Xulgado Contencioso-Administrativo encomendando tal defensa e representación ao Letrado-Asesor Xurídico da Deputación.

15.05.12.- Impoñerlle a un veciño unha multa coercitiva de 1.000 € por incumprimento da orde de demolición das obras realizadas nas inmediacións da aldea da Gándara.

15.05.12.- Incoar expediente de ordenación de execución para manter a seguridade dunha edificación en Pérros.

18.05.12.- Resolución do contrato asinado coa empresa IT-PROJECTS, S.L. para o subministro mediante arrendamento sen opción de compra, de tres máquinas de control de tempo, por incumprimento do contrato por parte do contratista e incautación de garantía.

18.05.12.- Autorización da acumulación do permiso de lactancia dunha traballadora.

18.05.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 17.773,14 euros (facturas varias).

18.05.12.- Inclusión dunha veciña na actividade de Encontros-Baile para a terceira idade para o ano 2012.

18.05.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 35,40 euros (Cableuropa SAU).

21.05.12.- Relación de veciños incluídos no Programa de Axudas ao Transporte presentadas entre os días 1 a 15 de maio de 2012.

22.05.12.- Baixa no Padrón de Habitantes do Concello por cambio de residencia para Venezuela.

23.05.12.- Finalización do expediente tramitado por terse restaurado a legalidade urbanística das actuacións realizadas en Souto de instalación/implantación de peche vexetal.

23.05.12.- Aprobar a alteración de lindes das parcelas 569 e 571 da concentración parcelaria de Bastavales describíndose as mesmas de conformidade co sinalado no informe e planos elaborados polo arquitecto.

23.05.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 1.885,54 euros (Mapfre Vida S.A.)

24.05.12.- Baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes por inscrición indebida.

24.05.12.- Expedir a orde de pago pola cantidade de 46,00 € a un traballador do Concello para a visita cultural dos alumnos/as do Centro Social Polivalente ao Museo do Pobo Galego o 25 de maio de 2012.

24.05.12.- Remisión de expediente ao Tribunal Contencioso-Administrativo polo recurso interposto por Urban Portfolio S.L. contra desestimación de solicitude de devolución de determinada cantidade.

24.05.12.- Personarse no procedemento citado perante o Xulgado Contencioso-Administrativo encomendando tal defensa e representación ao Letrado Carlos Abal Lourido.

24.05.12.- Ordenar a publicación dos listados definitivos de admitidos e excluídos na Escola Infantil Municipal.

25.05.12.- Aprobación definitiva do Padrón fiscal conxunto das taxas por servizos de subministración de auga, saneamento, depuración de augas residuais e canon de saneamento, correspondente ao 1º trimestre de 2012.

25.05.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 129,28 euros (Deputación Provincial da Coruña).

28.05.12.- Declarar deserta a licitación para a enaxenación mediante procedemento aberto, con varios criterios de adxudicación, de terreo pertencente ao patrimonio público do solo.

28.05.12.- Convocatoria de sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local a celebrar o 29 de maio.

28.05.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 1.415,85 euros (Telefónica España).

28.05.12.- Incorporación dun veciño ao servizo de xantar na casa.

29.05.12.- Concesión axuda emerxencia social a unha veciña polo importe de 1.136 €

29.05.12.- Pago produtividade a laborais exercicio 2011.

29.05.12.- Pago gratificacións a un laboral.

30.05.12.- Pago gratificacións a dous funcionarios.

30.05.12.- Abono da diferenza entre os complementos específicos de un mes dos dous postos de traballo (intervención e técnico de administración).

30.05.12.- Recoñecemento do segundo trienio a un funcionario.

30.05.12.- Pago de nóminas mes de maio.

31.05.12.- Designación dun funcionario como interlocutor único sobre subministro de información a entidades locais, convenio asinado entre a AEAT e a FEMP.

31.05.12.- Declarar definitivamente aprobado o acordo de desafectación do uso público do seguinte ben inmovible: terreos do viario sito na aldea de Nináns.

31.05.12.- Incoación expediente para a enaxenación directa mediante permuta de bens.

31.05.12.- Proceder á destrución da documentación, a excepción do modelo de oferta económica, das plicas da contratación mediante procedemento aberto do proxecto básico e de execución da piscina cuberta municipal do Concello de Brión.

31.05.12.- Devolución da fianza para responder da xestión do servizo de funcionamento da cafetería do Centro Social Polivalente, a Pablo Becerra Suárez por importe de 700 €.

31.05.12.- Incorporacións e baixas nas actividades de prevención e inserción presentadas desde o 25 de abril e o 30 de maio de 2012.

31.05.12.- Inclusión Encontros-Baile para a terceira idade para o ano 2012.

31.05.12.- Acordar o inicio das obras do proxecto de mantemento de estradas no Concello de Brión incluído no POS 2012.

31.05.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 107.830,84 euros (facturas varias).

31.05.12.- Expedir a orde de pago pola cantidade de 600 € para gastos da actividade do Encontro coa Arte.

31.05.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 5.507,60 euros (Albergue Juvenil Málaga).

01.06.12.- Pago en concepto de compensación a un funcionario por realizar as tarefas de colaboración entre o Concello e o Instituto Nacional de Estatística.

01.06.12.- Autorización para celebrar o día 10 de xuño de 2012 os festexos de Corpus no lugar de A Igrexa-Luaña.

01.06.12.- Altas no padrón de habitantes no mes de maio.

01.06.12.- Baixas no padrón de habitantes no mes de maio.

01.06.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 419,21 euros (Telefónica Móviles).

04.06.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 1.316,52 euros (facturas varias).

04.06.12.- Aprobación liquidación de taxas da Xunta de Goberno Local celebrada o 29 de maio de 2012.

04.06.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 94,34 euros (CP Agro Novo).

04.06.12.- Solicitud a Consellería de Traballo da transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios.

05.06.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 141,60 euros (Centyc Europa).

05.06.12.- Relación de veciños incluídos nos obradoiros de verán.

06.06.12.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de maio de 2012.

06.06.12.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio a dependentes correspondentes ao mes de maio 2012.

06.06.12.- Autorización para celebrar o día 10 de xuño de 2012 os festexos de Corpus no lugar de Soigrex-a-Os Ánxeles.

06.06.12.- Solicitud de subvención para o Fondo de Compensación Ambiental 2012.

07.06.12.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de xuño de 2012.

07.06.12.- Baixa definitiva dos recibos da taxa de recollida do lixo correspondentes ao padrón do lixo dos anos 2007, 2008, 2009, 2010 e 2011 dunha veciña.

07.06.12.- Incoación expediente de reposición da legalidade en relación coas obras realizadas consistentes en restauración e aumento de volume de muro de peche no Lugar de Vilar.

07.06.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 5.750,22 euros (Mapfre Seguros e CP Agro Novo).

08.06.12.- Desestimar as alegacións presentadas por Urban Servicios Inmobiliarios, S.L. no expediente de reposición da legalidade urbanística tramitado pola edificación sita no Lugar de Rourís destinada a uso hoteleiro na modalidade de apartamentos en réxime de residencia-apartamento.

08.06.12.- Declaración da prescrición das facturas de Motivo JCB Galicia S.A. polo importe de 975,38 euros.

08.06.12.- Autorización para celebrar o día 17 de xuño de 2012 os festexos de Sacramento no lugar de A Igrexa-Bastavales.

08.06.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 53.801,80 euros (Gas Natural SUR e Unión Fenosa Comercial).

08.06.12.- Resolución de inicio de procedementos sancionadores de tráfico.

11.06.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 353,54 euros (Unión Fenosa Comercial).

11.06.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 54.613,34 euros (Mancomunidade de Concellos Serra do Barbanza).

11.06.12.- Adxudicación do contrato de servizos de xestión da piscina municipal de Bastavales durante o verán do 2012 á empresa Barbatana S.L. polo importe de 6.716,64 €, ive incluído

11.06.12.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 1.117,41 euros (Seguros Mapfre).

12.06.12.- Adxudicación a Pablo Becerra Suárez do contrato administrativo especial de café-bar no Centro Social Polivalente de Brión, polo prazo de catro anos, polo canon anual de: 2.400 euros anuais.

12.06.12.- Autorización para celebrar o día 17 de xuño de 2012 os festexos de Sacramento no lugar de A Graña-Cornanda.



12.06.12.- Inclusión no Programa de Axudas ao Transporte presentadas entre os días 16 a 31 de maio.

13.06.12.- Adxudicar o servizo de "Mantemento no campo de fútbol de herba artificial", á empresa Xardín Senra, por un importe de 2.300 €, iva incluído.

13.06.12.- Declarar a caducidade da licenza de obra maior concedida a Desarrollos Urbanísticos Montemar S.L. relativa á construción de catro bloques no Paseo de Pedrouzos.

14.06.12.- Aprobación das altas no padrón de lixo 2012.

14.06.12.- Acordo de inicio de expediente sancionador de tráfico.

15.06.2012-. Convocatoria Pleno ordinario a celebrar o 20.06.2012 e convocatoria Comisións Informativas para 19.06.2012.

O Pleno queda enterado.

### **3º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA LICENZA DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS OU POLA ACTIVIDADE DE CONTROL POSTERIOR DAQUELAS ACTIVIDADES SOMETIDAS A COMUNICACIÓN PREVIA OU DECLARACIÓN RESPONSABLE.**

Dada conta da proposta da Alcaldía do 28 de maio de 2012 ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas en sesión do 19 de xuño de 2012, que transcrita di:

Visto o expediente tramitado polo Concello para a aprobación da ordenanza fiscal núm.11-T, reguladora da taxa pola licenza de apertura de establecementos ou pola actividade de control posterior daquelas actividades sometidas a comunicación previa ou declaración responsable, motivado pola necesidade de adecuarse á normativa vixente en materia de tramitación de actividades suxeitas ao deber de obter licenza de apertura ou actividade, ou de presentar, no seu caso, comunicación previa ou declaración responsable.

Resultando que a vixente ordenanza fiscal quedou obsoleta polo transcurso do tempo e cambio constante da normativa reguladora das actividades, tanto a nivel europeo, como estatal e autonómico, resulta necesario proceder á aprobación dunha nova ordenanza fiscal que regule a actividade administrativa de control nos supostos nos que a esixencia de licenza fora substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa.

A Disposición final primeira do Real Decreto-Lei 19/2012, do 25 de maio, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos, modifica o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, establecendo expresamente a posibilidade de establecer a taxa polo outorgamento das licenzas de apertura de establecementos ou realización das actividades administrativas de control nos supostos nos que a esixencia de licenza fora substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa.

Vistos o informe de Secretaría e o informe técnico-económico de Intervención sobre o custo do servizo que constitúe o feito imponible da taxa, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a ordenanza fiscal núm. 11 T reguladora da taxa pola licenza de apertura de establecementos ou pola actividade de control posterior daquelas actividades sometidas a comunicación previa ou declaración responsable, que ten o seguinte contido:

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA LICENZA DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS OU POLA ACTIVIDADE DE CONTROL POSTERIOR DAQUELAS ACTIVIDADES SOMETIDAS A COMUNICACIÓN PREVIA OU DECLARACIÓN RESPONSABLE.**

Artigo 1.º Natureza e fundamento.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa pola licenza de apertura de establecementos, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, que atende ao previsto no artigo 57 do texto refundido citado.

#### Artigo 2.º Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible da taxa a actividade municipal, tanto técnica como administrativa, tendente a verificar se os establecementos industriais e mercantís reúnen as condicións de tranquilidade, sanidade, salubridade e calquera outra esixida polas correspondentes ordenanzas e regulamentos municipais ou xerais para o seu normal funcionamento, ben como presuposto necesario e previo para o outorgamento por este Concello da licenza de apertura a que se refire o artigo 22 do Regulamento de servizos das corporacións locais, ben como consecuencia das declaracións responsables ou comunicacións previas que sexan procedentes ao abeiro do disposto na normativa vixente e que deban ser obxecto de control posterior.

2. Para tal efecto, terá a consideración de apertura:

- a) A instalación por primeira vez do establecemento para dar comezo ás súas actividades.
- b) A variación ou ampliación da actividade desenvolvida no establecemento, aínda que continúe o mesmo titular.
- c) A ampliación do establecemento e calquera alteración que se leve a cabo neste e que afecte ás condicións sinaladas no número 1 deste artigo, esixindo nova verificación destas.

3. Entenderase por establecemento industrial ou mercantil toda edificación habitable, estea ou non aberta ao público, que non se destine exclusivamente a vivenda e que:

- a) Se dedique ao exercicio dalgunha actividade empresarial, fabril, artesá, da construción, comercial e de servizos.
- b) Aínda sen desenvolver as actividades anteriores, sirvan de auxilio ou complemento para estas, ou teñan relación con elas de forma que lles proporcionen beneficios ou aproveitamento, como por exemplo: sedes sociais, axencias, delegacións ou sucursais de entidades xurídicas, oficinas, despachos ou estudos.

#### Artigo 3.º Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 36 da Lei xeral tributaria, titulares da actividade que se pretende desenvolver ou, de ser o caso, desenvolvida en calquera establecemento industrial ou mercantil.

#### Artigo 4.º Responsables.

1. Responden solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

#### Artigo 5.º Base imponible.

1. A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza do expediente a tramitar, de acordo coa tarifa que contén o artigo seguinte.

2. A cota da tarifa corresponde á tramitación completa do expediente de que se trate, desde a súa iniciación ata a súa resolución final, incluída a certificación e notificación ao interesado do acordo recaído.

## Artigo 6.º Cota tributaria.

1. As cotas tributarias determinaranse de acordo coa seguinte tarifa:

- a) Comunicacóns previas ou declaracións responsables para establecementos de ata 200 m2 construídos: 184,28 euros.
- b) Comunicacóns previas ou declaracións responsables para establecementos de máis de 200 m2 construídos: 263,25 euros.
- c) Licenzas para actividades que requiran de licenza de apertura ou actividade en establecementos de ata 200 m2 construídos: 526,50 euros.
- d) Licenzas para actividades que requiran de licenza de apertura ou actividade en establecementos de máis de 200 m2 construídos: 1.026,68 euros.
- e) O custo das publicacións de edictos nos boletíns oficiais para aquelas actividades que o necesiten serán por conta do interesado e cobraranse coa liquidación da taxa correspondente ou nun momento posterior.

2. Cando nun establecemento ou local que pertenza a un só titular se vaia exercer máis dunha actividade industrial ou mercantil e, polo tanto, sexa necesaria a obtención de varias licenzas ou a realización de varias comprobacións a posteriori daquelas actividades sometidas á comunicación previa ou declaración responsable e o conseqüente pagamento de distintas taxas, a cota a satisfacer será a maior que corresponda, aplicándolle un recargo do 50 por cento.

## Artigo 7.º Exencións e bonificacións.

Non se concederán outras exencións ou bonificacións que as expresamente previstas nas leis ou as derivadas da aplicación de tratados ou acordos internacionais.

## Artigo 8.º Devengo.

1. A presente taxa devéngase e nace a obriga de contribuír cando se inicia a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible. Para estes efectos, entenderase iniciada a devandita actividade na data de presentación da solicitude da licenza de apertura ou se faga a comunicación previa ou declaración responsable, sen que se inicie a actuación ou o expediente, ata que se efectuara o pago xunto coa solicitude, co carácter de depósito previo.

2. Os escritos recibidos que non veñan debidamente reintegrados, serán admitidos provisionalmente, pero non poderá dárseles curso sen que se subsane a deficiencia, para o que se requirirá ao interesado para que no prazo de dez días abone as cotas correspondentes, con apercibimento de que transcorrido o devandito prazo sen efectualo se lle terá por desistido da súa petición, previa resolución.

3. Cando as obras se iniciaran ou executaran sen ter obtido a oportuna licenza, a taxa devengarase cando se comece a actividade municipal conducente a determinar se a obra en cuestión é ou non autorizable.

4. A obriga de contribuír, unha vez xurdida, non se verá afectada en modo algún pola denegación da licenza solicitada nin pola renuncia ou desistimento do solicitante unha vez concedida a licenza.

## Artigo 9.º Ingreso.

Deberá procederse á autoliquidación da taxa de xeito simultáneo á solicitude da licenza ou á presentación da comunicación previa ou declaración responsable, segundo modelo facilitado ao efecto polo Concello. O importe autoliquidado deberá ser ingresado na conta facilitada polo Concello, sen que se inicie a tramitación do expediente ata que se efectuara o pago.

## Artigo 10.º Caducidade.

1. Consideraranse caducadas as licenzas e taxas satisfeitas por estas se, despois de notificada a súa concesión de xeito legal, non se tivese procedido á apertura do establecemento, por calquera causa, no prazo de seis meses.

2. Excepcionalmente poderá concederse unha prórroga, sempre que se solicite dentro do prazo anterior e se estivese ao corrente no pagamento das obrigas económicas, que será por outros seis meses. Transcorrido un e outro prazo xorde novamente a obriga de solicitar a licenza.

Artigo 11.º Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que lle correspondan a estas en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei xeral tributaria.

Disposición derogatoria:

A presente ordenanza fiscal derroga á ordenanza fiscal reguladora da taxa polo outorgamento de licenzas de apertura de establecementos publicada no BOP 300, do 31.12.2004.

Disposición final.

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do concello e no B.O.P., prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no B.O.P., dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da ordenanza aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (4) e MIXTO (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

#### **4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DO COMPLEXO DA PISCINA CUBERTA MUNICIPAL.**

Dada conta da proposta da Alcaldía do 14 de maio de 2012 ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas en sesión do 19 de xuño de 2012, que transcrita di:

Vista a solicitude de modificación da ordenanza reguladora da taxa pola utilización do complexo da piscina cuberta municipal de Brión, presentada polo concesionario do servizo público Aquafit Gestión S.L., de data 3 de maio de 2012, con rexistro de entrada no Concello núm. 1105, do 03.05.2012, na que sinala que durante este primeiro ano de funcionamento da instalación xurdiron unha serie de demandas que co funcionamento propio da instalación xustifican a modificación das tarifas, así:

- Non se dispón de taxa de padel para os usuarios non abonados.
- Non se dispón de taxa por alugueiro de rúa.
- Non se dispón de taxa para cursos de padel.
- A cota de entrada ou matrícula contéplase como anual e aínda que tanto no prego de condicións como no estudo de viabilidade se sinala a cota de entrada ou matrícula como pago anual os usuarios da instalación solicitan que o pago sexa por alta no servizo e non se volva a abonar mentras se continúa de alta e este feito xa foi tido en conta no seu estudo de viabilidade.
- Non está regulado o prezo polo campamento de verán.

Considerando esta Alcaldía que a proposta redunda en beneficio dos veciños do Concello posto que a cota de entrada ou matrícula deixa de ser anual para ser en función da alta e mentras se permaneza nela e igualmente que disporán de novos servizos e posibilidades de utilización, non supón ningún incremento sobre as tarifas no seu día ofertadas polo concesionario, que constan no contrato asinado con data 26.05.2011 e na ordenanza fiscal vixente e vistos os informes de Secretaría e Intervención, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza reguladora da taxa pola utilización do complexo da piscina cuberta municipal de Brión, publicada no BOP da Coruña núm. 155, do 16.08.2011, nos seguintes termos:

- Se modifican as tarifas 1, 4 e 6 do apartado 2 do artigo 5º que pasan a ter a seguinte redacción:

#### 1. COTA DE ENTRADA: (MATRÍCULA):

- Individual: 20,37 euros/ por alta no servizo, non volvendo a abonarse mentras se continua de alta.
- Familiar: 25,93 euros/ por alta no servizo, non volvendo a abonarse mentras se continua de alta.
- Reducido o social (menores de 18 anos, maiores de 65 e colectivos desfavorecidos): 15,74 euros/ por alta no servizo, non volvendo a abonarse mentras se continua de alta.

#### 4. PADEL.

##### 4.1. Sesión de padel:

- Padel hora valle: 1,85 euros/persoa abonada. Persoa non abonada: 2,78 euros.
- Padel hora punta: 2,78 euros/persoa abonada. Persoa non abonada: 4, 17 euros.

Valle: de luns a venres ata as 18:00 horas.

Punta: Resto das horas e fin de semana e festivos.

4.2. Cursos de padel: Adultos: 6 persoas por curso. Nenos: 8 persoas por curso.

Días: 1 día á semana: 13,89 euros/mes para abonados.

6. OUTRAS ACTIVIDADES: Se engaden os seguintes apartados:

- Alugueiro de rúa: Número de rúas: 1. Prezo por sesión de 45 minutos: 18,40 euros.

- Campamento de verán: Monitores:1. Prezo monitor/hora:18,40 euros.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do concello e no B.O.P., prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no B.O.P., dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación da ordenanza aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (4) e MIXTO (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

#### **5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DOS FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO.**

Dada conta da proposta da Alcaldía do 8 de maio de 2012 ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 19 de xuño de 2012, que transcrita di:

O Pleno do Concello en sesión de data 22 de setembro de 2010 aprobou definitivamente o regulamento dos ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Brión, téndose publicado integramente o seu texto no BOP da Coruña núm. 188, do 30 de setembro de 2010.

Pola Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello informouse da necesidade de crear dous novos ficheiros denominados: Participantes en accións de promoción de emprego, e Axentes de Promoción Económica, posto que a Xunta de Galicia solicita poder acceder a estes datos para o que resulta necesario dispor dos ficheiros e para poder cumprir cos requisitos de uso da ferramenta XATEmprego.

Considerando que a creación dos ficheiros supón unha modificación do regulamento do Concello mencionado, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente a modificación do regulamento dos ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Brión, publicado integramente no BOP da Coruña núm. 188, do 30 de setembro de 2010, por canto procede a creación dos ficheiros de datos de carácter persoal denominados: Participantes en accións de promoción de emprego, e Axentes de Promoción Económica, que se identifican a continuación.

**Ficheiro núm. 24. Denominación: Participantes en accións de promoción de emprego.**

A.- Finalidade do ficheiro e usos previstos: Xestionar os datos das persoas asesoradas ou participantes en actividades de información, formación, asesoramento e apoio a emprendedores, empresarios e persoas en busca de emprego, no marco das actividades de promoción do emprego que organiza ou participa o Concello de Brión.

B.- Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: Emprendedores, empresarios, persoas en busca de emprego, ou que queiran participar en actividades de formación. Servizo Público de Emprego de Galicia, Xunta de Galicia.

C.- Procedemento de recollida de datos de carácter persoal: Por medio de comunicación oral, escrita ou telemática recolléndose nos distintos formularios cumprimentados pola persoa asesorada ou participante en actividades, tanto en soporte papel como informático ou electrónico.

D.- Estructura básica do ficheiro e tipo de datos incluídos nel. Datos identificativos: Nome e apelidos, data de nacemento, DNI/NIE, enderezo, teléfonos fixo e móbil, dirección de correo electrónico. Formación académica; formación ocupacional; outro tipo de formación. Curriculum e experiencias profesionais. Información comercial e de empresas. Información sobre proxectos empresariais.

E.- Cesión de datos e transferencias de datos a terceiros países que se prevén: Os datos de carácter persoal contidos neste ficheiro serán cedidos á Consellería de Traballo e Benestar, Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia S.A. ( BIC Galicia), Empresas, organismos e outras entidades interesadas en participar en actividades de promoción de emprego.

Así mesmo, poderán transferirse a outras administracións públicas cando sexa necesario para as materias da súa competencia.

Non se prevé a cesión de ditos datos a terceiros países.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras administracións públicas competentes na materia e ao abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

F.- Órgano administrativo responsable do ficheiro: Alcaldía de Brión.

G.- Servizo ou unidade ante o que se pode exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, cando proceda: Servizo de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local.

H.- Medidas de seguridade: nivel básico.

I.- Sistema de tratamento: Mixto.

**Ficheiro núm. 25. Denominación: Axentes de Promoción Económica.**

A) Finalidade e usos previstos do ficheiro: Xestionar os datos dos axentes de promoción económica que prestan servizo no Concello de Brión, co fin de poder ser identificables polos usuarios aos que dirixen as súas accións.

B) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: Axentes de emprego contratados polo Concello.

C) Procedemento de recollida de datos: Os datos obteranse por medio de comunicación oral, escrita ou telemática, recolléndose nos distintos formularios cumprimentados polo/a traballador/a, tanto en soporte papel como informático ou electrónico.

D) Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos: Datos identificativos (nome, apelidos, DNI/NIE, enderezo, teléfono, email).

E) Cesión de datos e transferencias de datos a terceiros países que se prevén: Os datos de carácter persoal contidos neste ficheiro serán cedidos á Consellería de Traballo e Benestar, ao Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia S.A. ( BIC Galicia). Así mesmo, poderán transferirse a outras administracións públicas cando sexa necesario para as materias da súa competencia.

Non se prevé a cesión de ditos datos a terceiros países.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras administracións públicas competentes na materia e ao abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

F) Órgano responsable do ficheiro: Alcaldía de Brión.

G) Servizo ou unidade ante o que se pode exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, cando proceda: Servizo de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local.

H.- Medidas de seguridade: nivel básico.

I.- Sistema de tratamento: Mixto.

2º) Someter o expediente ao trámite de información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días hábiles, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP da Coruña, para a presentación de reclamacións e suxestións.

No caso de que non se presentase dentro do prazo ningunha reclamación nin suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, de conformidade co disposto no art. 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, debendo publicarse integramente o seu texto no BOP para a súa entrada en vigor consonte co disposto no art. 70.2. da Lei 7/85, do 2 de abril.

3º) Facultar expresamente á Alcaldía para todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do seu correspondente expediente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (4) e MIXTO (1) (BNG).

Votos en contra: 0.



Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

## **6º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DO REGULAMENTO INTERNO DE ACCIÓN VOLUNTARIA DO CONCELLO.**

Dada conta da proposta da Alcaldía do 8 de maio de 2012 ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 19 de xuño de 2012, que transcrita di:

A Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria, sinala na súa Disposición transitoria única que as entidades de acción voluntaria que a entrada en vigor da presente lei dispoñan de persoal voluntario haberán de axustarse ao disposto na mesma no prazo dun ano.

Na mencionada lei se establece que terán a consideración de entidades de acción voluntaria aquelas entidades, públicas ou privadas, sen ánimo de lucro, legalmente constituídas e dotadas de personalidade xurídica propia que de xeito organizado e estable realicen programas específicos con relación a actividades de interese xeral e incluídas no artigo 5 da Lei, estando obrigadas estas entidades de acción voluntaria a elaborar e aprobar o seu regulamento interno de acción voluntaria no cal se indicarán as condicións específicas de admisión e perda da condición de persoa voluntaria, os dereitos e deberes desta, os mecanismos para a súa participación na entidade e os principios que rexerán as relacións entre esta e aquela.

Confeccionado o regulamento pola técnico responsable de voluntariado do Concello, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobado inicialmente o regulamento interno de acción voluntaria do Concello de Brión, cuxo texto é o seguinte:

### **REGULAMENTO INTERNO DE ACCIÓN VOLUNTARIA DO CONCELLO DE BRIÓN.**

Exposición de motivos.

O apoxeo experimentado nos últimos anos da participación e implicación cidadá no desenvolvemento do concello, lévanos a elaborar un regulamento que recoñeza a iniciativa social cidadá como un valor a incentivar dentro do noso Estado social e democrático de Dereito.

Como resultado do aumento desta responsabilidade social, xurde un incremento importante de persoas voluntarias que participan de xeito activo e directo na sociedade, realizando actos altruistas ao amparo de entidades organizadas, co obxectivo de elevar a calidade de vida.

As entidades de acción voluntaria son, historicamente, as precursoras dos valores de solidariedade, responsabilidade e progreso implícitos ao voluntariado, converténdose nas principais vías de canalización do movemento voluntario.

O presente regulamento, nace co fin de regular a acción voluntaria que se poida desenvolver desde o propio Concello de Brión e como apoio e complemento á desenvolvida polo tecido asociativo local.

Marco Normativo.

A Carta Social Europea propón no artigo 14 estimular a participación dos individuos e das organizacións benéficas ou doutro tipo na creación e mantemento de servizos que contribúan ao benestar e desenvolvemento dos individuos e dos grupos na comunidade.

A Constitución Española, no artigo 9.2 di que corresponde aos poderes públicos facilitar a participación de toda a cidadanía na vida social, cultural, económica e social.

O Estatuto de Autonomía de Galicia no seu artigo 4.2 recolle en termos semellantes o precepto constitucional do artigo 9.2 da Constitución española, así como en disposicións sectoriais a

normativa referida ao voluntariado, dirixida preferentemente a regular as relacións entre as persoas voluntarias e as entidades de voluntariado. Así a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e o máis recente Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, reflicten disposicións que afectan ao voluntariado.

A nivel estatal, a Lei 6/1996, do 15 de xaneiro, do voluntariado, formula como obxectivo promover e facilitar a participación solidaria dos cidadáns en actuacións de voluntariado, no seo de organizacións sen ánimo de lucro públicas ou privadas.

A nivel autonómico, a Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria, establece como obxecto a ordenación e o fomento da participación solidaria e altruísta da cidadanía nas actividades de acción voluntaria organizadas por entidades de acción voluntaria ou directamente pola Administración autonómica ou pola Administración local para o desenvolvemento de programas concretos.

#### Artigo 1.- Ámbito de aplicación.

O presente Regulamento será de aplicación aos programas, proxectos ou actuacións de voluntariado que, no seu termo municipal ou fóra del, promova e desenvolva directamente o Concello ou as Entidades públicas que dependan del ou das que forme parte.

Quedan excluídas, polo tanto, do seu ámbito de aplicación os programas, proxectos ou actuacións de voluntariado desenvolvidos por outras organizacións públicas ou privadas, aínda que foran promovidos ou financiados, total ou parcialmente, polo Concello.

#### Artigo 2.- Definición do voluntariado municipal.

2.1. Enténdese por voluntariado municipal, aos efectos do presente Regulamento, o conxunto de actividades de interese xeral desenvolvidas por persoas físicas no ámbito territorial do Concello, sempre que estas accións cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que se trate dunha decisión libremente adoptada e non traia causa dunha obriga ou dun deber xurídico.
- b) Que se execute fóra do ámbito laboral, profesional, funcionarial ou mercantil ou de calquera outro tipo de relación retribuída.
- c) Que a acción voluntaria se leve a cabo sen contraprestación económica, sen prexuízo do dereito ao reembolso dos gastos que esta acción poida ocasionar ou dos recoñecementos que correspondan.
- d) Que se leve a efecto en función de programas concretos promovidos polo Concello.

2.2. Para os efectos deste Regulamento non terán a consideración de acción voluntaria:

- a) As actividades que sexan realizadas de forma espontánea así como as consideradas como prácticas, aprendizaxes ou experiencia profesional.
- b) As que sexan prestadas de xeito illado ou esporádico, prestadas con carácter individual e executadas por razóns familiares, de amizade ou veciñais.
- c) As desenvolvidas como consecuencia dunha relación laboral, mercantil, funcionarial de calquera tipo, así como as que constitúan exercicio de funcións directivas ou xerenciais na entidade, a non ser cando quen as leve a cabo conserve a condición de persoa voluntaria e as desenvolva en tal concepto sen percibir remuneración ou contraprestación por elas.

2.3. A actividade do voluntariado non poderá substituír en ningún caso o traballo remunerado ou a prestación de servizos profesionais retribuídos.

Artigo 3.- Funcións das persoas voluntarias.

3.1. Para os efectos deste Regulamento, ten a consideración de persoa voluntaria a persoa física que, en virtude da súa decisión persoal, libre e altruísta e nunha situación de inexistencia de relación laboral, mercantil ou de traballo remunerado, participe en calquera actividade de acción voluntaria promovida polo Concello.

3.2. A actuación das persoas voluntarias enmárcase no ámbito da acción voluntaria realizada nos proxectos e actividades desenvolvidos no Concello.

3.3. As funcións das persoas voluntarias no marco da institución municipal concréntanse do seguinte xeito:

- a) Participación no deseño e avaliación dos proxectos e/ou actuacións nas que se incorpore.
- b) Participación no deseño e/ou divulgación das campañas que se poñan en marcha relacionadas co voluntariado.
- c) Realización das actividades propias dos proxectos aos que estea adscrito.

Artigo 4.- Dereitos e deberes da persoa voluntaria.

4.1. Dereitos da persoa voluntaria.

A persoa voluntaria ten os seguintes dereitos

- a) Ser tratada sen ningún tipo de discriminación con respecto da súa liberdade, dignidade, intimidade e crenzas.
- b) Ser informada e formada, particularmente en materia de prevención de riscos, e a desenvolver a actividade voluntaria nas condicións de seguranza, hixiene e saúde que a súa natureza e características reclamen.
- c) Dispoñer dunha acreditación identificativa da súa condición de persoa voluntaria.
- d) Recibir a información, formación, asesoramento, apoio técnico e medios materiais necesarios para o desenvolvemento das actividades e tarefas que se lles asignen.
- e) Participar de xeito activo na planificación, o deseño, a execución e a avaliación dos programas en que participe.
- f) Acordar libremente coa entidade o contido e condicións da súa actividade voluntaria, podendo variar as súas características de permitilo as circunstancias.
- g) Estar asegurada mediante póliza que cubra tanto os riscos de accidentes como por danos e perdas causados a terceiros, derivados directamente da súa acción voluntaria.
- h) Ser reembolsada ou compensada polos gastos realizados no desenvolvemento das súas accións voluntarias.

- i) Recibir certificación da súa participación nos programas e proxectos de acción voluntaria e a que o devandito certificado se remita ao Rexistro de Acción Voluntaria para os efectos de poder acreditar o seu historial de experiencias na acción voluntaria.
- j) Obter o cambio de programa asignado cando existan causas que o xustifiquen, dentro das posibilidades da entidade.
- k) Renunciar libremente, logo de aviso, á súa condición de persoa voluntaria.
- l) Calquera outro dereito recoñecido no resto do ordenamento xurídico, especialmente na Lei 10/2011, de acción voluntaria da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### 4.2. Deberes das persoas voluntarias.

A persoa voluntaria ten as seguintes obrigas:

- a) Realizar a súa actividade consonte o establecido neste Regulamento.
- b) Observar as medidas de saúde e seguraza que se adopten.
- c) Gardar a debida confidencialidade sobre a información recibida e coñecida no desenvolvemento da súa actividade voluntaria.
- d) Actuar de forma dilixente, coordinada, responsable e solidaria no desenvolvemento da actividade voluntaria, realizándoa consonte ás normas e principios establecidos neste Regulamento.
- e) Participar nas actividades formativas que se entendan necesarias para un axeitado desenvolvemento da acción voluntaria.
- f) Respectar os dereitos das persoas destinatarias da súa acción voluntaria e das demais persoas voluntarias coas que colabore.
- g) Cumprir os compromisos adquiridos coa entidade, respectando os fins, obxectivos e normativa interna.
- h) Rexeitar calquera contraprestación que poidera recibir pola súa actividade.
- i) Utilizar debidamente a acreditación identificativa da súa condición de persoa voluntaria e os distintivos da entidade, así como proceder á súa devolución cando finalice a actividade.
- j) Coidar e facer bo uso dos recursos que se poñan á súa disposición para o desenvolvemento das actividades.
- k) Notificar a renuncia á súa condición de persoa voluntaria coa antelación previamente acordada co fin de que se poidan adoptar as medidas necesarias para evitar prexuízos para as actividades en que participen e os colectivos aos que estas se dirixan.
- l) Os demais deberes establecidos no ordenamento xurídico, especialmente na Lei 10/2011, de 28 de novembro, de acción voluntaria da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 5.- Obrigas da entidade responsable dos programas de voluntariado.

O Concello de Brión, ou Entidade pública dependente del ou da que forme parte que promova e desenvolva programas de voluntariado, estará obrigado a:

- a) Informar ás persoas voluntarias sobre os fins e o réxime de funcionamento interno da entidade de acción voluntaria.
- b) Cubrir os gastos das persoas voluntarias derivados do desenvolvemento da súa actividade voluntaria.
- c) Impedir que se substitúan, a través das actividades que realicen as persoas voluntarias, postos de traballo que deban ser retribuídos.
- d) Cumprir os acordos establecidos coas persoas voluntarias no seu compromiso de colaboración.
- e) Facilitarlles ás persoas voluntarias unha acreditación que as habilite e identifique para o desenvolvemento da súa actividade.
- f) Expedir, logo da solicitude da persoa interesada, un certificado que acredite a súa condición de persoa voluntaria. Por pedimento da persoa interesada, e logo de autorización de cesión dos seus datos persoais, remitiráselle unha copia desta certificación ao Rexistro de Acción Voluntaria.
- g) Garantirlles ás persoas voluntarias a realización das súas actividades nas debidas condicións de hixiene e seguranza, en función da súa natureza e características, así como o establecemento das pertinentes medidas de prevención de riscos.
- h) Subscribir unha póliza de seguros que cubra ás persoas voluntarias dos riscos de accidentes derivados do desenvolvemento da actividade voluntaria, así como aos terceiros por danos e perdas eventualmente causados polas persoas voluntarias no exercicio da devandita actividade.
- i) Facilitar a participación das persoas voluntarias na elaboración, no deseño, na execución e na avaliación dos programas nos que interveñan.
- j) Redactar anualmente unha memoria e un plan de actividades co contido que se estableza regulamentariamente.
- k) Levar un rexistro interno de altas, baixas e outras incidencias nas que se poidan atopar as persoas voluntarias, con especificación dos programas e os proxectos nos que colaboran e a natureza das actividades que desenvolven.
- l) Garantir a información, a orientación, a formación e o asesoramento adecuado das persoas voluntarias que colaboren coa entidade para acadar a maior eficacia na súa actividade, así como dotalas dos medios precisos.
- m) Efectuar o seguimento e a avaliación das actividades programadas.
- n) Cumprir as restantes obrigas que deriven do establecido no resto do ordenamento xurídico.

Artigo 6.- Organización do voluntariado municipal.

6.1. Requisitos das persoas voluntarias.

Poderán ser voluntarios/as todas aquelas persoas físicas maiores de idade, e as menores a partir dos 16 anos debidamente autorizadas polos pais, nais ou titores, que cumpran os requisitos de acceso pertinentes, nos que se especifiquen a dispoñibilidade horaria e o perfil persoal así como os coñecementos e a formación necesaria para participar nos programas de voluntariado.

6.2. Da súa incorporación.

- a) A incorporación da persoa voluntaria ao programa farase sempre previa solicitude por escrito da persoa interesada.

- b) O servizo municipal responsable do programa fará a valoración oportuna co obxectivo de asignar as persoas voluntarias aos proxectos máis axeitados, tendo en conta os intereses persoais do voluntario/a, o seu perfil e as necesidades propias de cada proxecto.
- c) A incorporación formalizarase por escrito, mediante un acordo de colaboración no que se establezan o carácter altruísta da relación, a suxeición ao réxime legal da acción voluntaria, os dereitos e deberes de ambas partes, a identificación da persoa responsable do programa no que se integre a persoa voluntaria, os programas ou actividades nas que a persoa voluntaria se compromete a colaborar así como o tempo de adicación e a duración do compromiso, a información sobre as posibilidades de acreditación da súa participación como persoa voluntaria, os fins e obxectivos da entidade, o prazo de antelación con que a persoa voluntaria lle deberá comunicar ao concello a súa renuncia ao compromiso, os mecanismos de control e supervisión da/s actividade/s, a formación necesaria para o desenvolvemento de programas, proxectos ou actividades específicas, a obriga de confidencialidade dos datos persoais e información á que teña acceso a persoa voluntaria no desenvolvemento da súa actividade e as causas que motivarían a exclusión da persoa voluntaria e a escisión do vínculo co Concello.

### 6.3. Da acreditación.

- a) As persoas voluntarias disporán dos distintivos que acrediten a súa condición.
- b) A acreditación será expedida polo Concello e conterá os datos identificativos da persoa voluntaria e máis a denominación do programa ou programas nos que desenvolva a súa actividade.
- c) A persoa voluntaria devolverá a acreditación persoal ao Concello ao remate do seu compromiso.

### 6.4. Do seguro.

Subscribírase, con cargo ao Concello, unha póliza de seguro que cubra os riscos derivados da acción das persoas voluntarias, tanto a responsabilidade civil derivada das súas actuacións coma os accidentes que poidan sufrir no desenvolvemento da súa actividade voluntaria.

### 6.5. Das baixas no programa.

- a) A relación de colaboración voluntaria co programa de voluntariado municipal finalizará:
  - a petición propia por parte da persoa voluntaria cun mínimo de 15 días de antelación.
  - por declaración de incapacidade.
  - por estar inhabilitado/a para o exercizo de cargos públicos por sentenza firme.
  - por exclusión do programa ou perda de calquera requisito de acceso á incorporación da persoa voluntaria.
  - pola inobservancia do establecido na Lei 10/2011, de acción voluntaria.
- b) Considérase baixa temporal a ausencia inferior a 3 meses que teña motivos xustificadas e que fora comunicada oportunamente.
- c) Será causa de baixa definitiva a petición da persoa interesada, a non comparecencia da mesma por un tempo superior a 4 meses, sen causa xustificada, á actividade que teña asignada, ou o incumprimento, con carácter grave ou reiterado, dos deberes aos que se compromete mediante o acordo de colaboración.
- d) Acordada e notificada a baixa á persoa interesada, procederá ao reintegro da acreditación.

- e) En todo caso expedirase, previa petición da persoa interesada, un documento no que consten os servizos prestados.

#### 6.6. Mecanismos de control e supervisión.

- a) O departamento ou servizo responsable do programa de voluntariado municipal levará a cabo o seguemento e a avaliación da acción voluntaria.
- b) No caso de incumprimento dos deberes adquiridos no acordo de colaboración, en especial no que faga referencia á atención dos beneficiarios dos programas ou actividades, poderase sancionar a conducta da persoa voluntaria e no seu caso excluila do programa, sempre que incurra nalgunha das causas previstas neste artigo.

#### Artigo 7.- Formación das persoas voluntarias.

Co obxectivo de conseguir que a acción voluntaria poida ser de calidade, levaranse a cabo accións formativas en tres liñas de actuación:

- a) Formación básica.
- b) Formación específica.
- c) Outras actividades formativas: obradoiros, charlas, conferencias, etc.

#### Artigo 8.- Uso da lingua galega.

O persoal que coordina o programa municipal de voluntariado do Concello de Brión utilizará, como norma xeral, a lingua galega, tanto na súa función laboral como nas relacións coas persoas voluntarias e usuarias así como coa administración.

#### Disposición Adicional.

Facúltase ao Alcalde, previo informe do persoal técnico responsable do programa municipal de voluntariado, para resolver aquelas cuestións que poidan presentarse e que non queden expresamente recollidas neste Regulamento.

#### Disposición Final.

O presente Regulamento entrará en vigor tras a súa aprobación definitiva, unha vez publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo a que se refire o art. 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Someter o expediente ao trámite de información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días hábiles, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP da Coruña, para a presentación de reclamacións e suxestións. No caso de que non se presentase dentro do prazo ningunha reclamación nin suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, de conformidade co disposto no art. 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, debendo publicarse integramente o seu texto no BOP para a súa entrada en vigor consonte co disposto no art. 70.2. da Lei 7/85, do 2 de abril.

3º) Facultar expresamente á Alcaldía para todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do seu correspondente expediente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (4) e MIXTO (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

## **7º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DECLARACIÓN DA ROMARÍA DE SANTA MINIA COMO FESTA DE GALICIA DE INTERESE TURÍSTICO.**

Dada conta da proposta da Alcaldía do 15 de xuño de 2012 ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 19 de xuño de 2012, que transcrita di:

A Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, sinala no seu artigo 93 que a Administración da Xunta de Galicia poderá declarar festas de interese turístico de Galicia aquelas manifestacións que supoñan unha valorización da cultura e das tradicións populares e que teñan unha especial importancia como atractivo turístico. Esta declaración farase segundo se determine regulamentariamente, en función, entre outros, da antigüidade, da singularidade e do arraigamento, así como das actividades promocionais que desenvolvan.

O Decreto 39/2001, de 1 de febreiro, de refundición en materia de Consello Galego de Turismo, declaración de municipio turístico galego e declaración de festas de Galicia de interese turístico, regula o procedemento.

Polo Concello confeccionouse a memoria explicativa xustificativa do cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 23 xunto con fotografías, carteis, programas, folletos, libros, referencias bibliográficas, material audiovisual, e en xeral, canta información gráfica se considerou oportuna para apoiar a petición.

Visto o expediente tramitado polo Concello propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Solicitar á Xunta de Galicia ao abeiro do art. 25 do Decreto 39/2001 a declaración da romaría de Santa Minia, que se celebra o día 27 de setembro de cada ano, como festa de Galicia de interese turístico, sinalando que o Concello realiza as seguintes accións, a título de exemplo e sen carácter exhaustivo, dadas as múltiples actividades que desenvolve o Concello, para o mantemento, dignificación e promoción da festa:

1º) O Concello se encarga de manter nas debidas condicións hixiénico-sanitarias a Carballeira de Santa Minia, onde se atopa a capela da santa e onde se producen as principais manifestacións de interese cultural: fundamentalmente de carácter relixioso polos exvotos ofrecidos polas xentes chegadas de toda Galicia, artísticas posto que o ambiente misturase con actuacións de música tradicional ( tipo charangas populares, etc...) durante o día, e música contemporánea pola noite, e igualmente de carácter gastronómico posto que é tradicional logo de realizar o ofrecemento dos exvotos no santuario tomar o polbo na festa, na carballeira onde se colocan as principais polbeiras de Galicia.

2º) O Concello presta o servizo de gardería de persoas e bens a través dos servizos municipais da policía local e do servizo do grupo municipal de intervención rápida, organizando grandes áreas de aparcamento para a multitude de vehículos. Todos os policías locais traballan nese



día para garantir a seguridade e dignidade da festa, evitando calquera tipo de conflito que se puidera producir. Igualmente moito persoal do Concello se mobiliza ese día para organizar os servizos de venda de produtos artesanais, de persoas de Galicia e así mesmo de persoas orixinarias doutros países, que veñen vender os seus produtos, xunto cos produtos de elaboración tradicional desta terra, así como produtos da horta e pequenos animais de compañía.

3º) Coincidindo coa romaría o Concello organiza actividades socioculturais diversas, tales como exposicións de fotografías do certame anual do Concello, de cadros do certame anual de pintura que organiza este Concello, mostras de teatro, obradoiros manuais e de lectura no punto de interese cultural que existe á beira da mesma Carballeira de Santa Minia.

4º) O Concello organiza o servizo de limpeza posterior á celebración de tal xeito que á primeira hora do día posterior todo o núcleo urbano de Pedrouzos, onde se atopa a Carballeira de Santa Minia, estea en perfectas condicións.

5º) Se editan libros, se emiten cuñas de publicidade na radio, se remite información turística a outros concellos informando da celebración da festa.

6º) O Concello para o fomento da festa a declara igualmente festivo local desde hai anos para facilitar a presenza de todos os veciños do Concello neste día de festa, para que poidan disfrutar todos con independencia de calquera outra consideración.

2º) Facultar a Alcaldía para todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do correspondente expediente.

Debate:

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que sentiríame orgulloso se se declarase como veciño e como católico; que estou totalmente de acordo pola importancia que ten para todos os veciños do Concello e xentes doutros lugares de toda Galicia e teño que dicir que o Conselleiro de Presidencia e a Secretaria Xeral de Turismo estiveron o ano pasado e quedaron sorprendidos e fascinados co ambiente; como única observación dicir se se pode ver a posibilidade de poñer baños públicos, e remata dicindo que tentarei facer todo o posible para que sexa declarada festa de interese turístico.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que xa preguntei onte na comisión informativa pero quero que quede na acta, ¿esta proposta xurde estrictamente dunha decisión municipal ou hai algunha interferencia ou interese por parte da Igrexa Católica?; eu apoio a proposta pero como festa popular máis que polo aspecto relixioso, aínda que é evidente que ten elementos claramente relixiosos.

O Sr. Alcalde sinala que a iniciativa é estrictamente municipal e respecto aos baños públicos se lle pode dar algunha volta ao tema, pero parécenos que non é unha necesidade grande porque as solucións que se poñen son de baixa calidade porque ás dúas horas non hai quen os utilice.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (4) e MIXTO (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

## **8º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA DEDICAR A ROBERTO VIDAL BOLAÑO O DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2013.**

Dada conta da proposta da Alcaldía do 15 de xuño de 2012 ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 19 de xuño de 2012, que transcrita di:

Roberto Vidal Bolaño naceu en Santiago de Compostela en 1950 e faleceu en 2002. Formou parte do denominado "Grupo Abrente" que, a partir da década dos 70, renovou e actualizou tanto a escrita como as representacións dramáticas galegas. Todas as súas actividades xiraron sempre, e en exclusiva, arredor do teatro: desde a creación do "Grupo Antroido" en 1975, até a súa última compañía "Teatro do Aquí", pasando pola breve experiencia da cooperativa "Teatro do Estaribel". En 1978 deu o paso definitivo que levou ás xentes do teatro galego a se transformaren en profesionais, superando de vez a pantasma de "amador" que pairara sempre sobre a historia do noso teatro.

A súa produción está caracterizada polo compromiso co país e a lingua, a experimentación estética, e o diálogo coa tradición, tanto culta como popular, literaria e histórica, social e política. O feito de que Vidal Bolaño escribise para a súa compañía, coa urxencia que esixe a obrigada estrea anual e a atención dedicada ao texto espectacular, non empeceu en absoluto a calidade literaria dos seus textos dramáticos, nos que as resonancias de Otero Pedrayo e Valle Inclán se transforman en esmaltes que enriquecen a súa literatura e agasallan ao lector.

A pesar de que xa nas décadas dos setenta e oitenta lograra diversos premios ("Abrente", "O Facho" e "Ciudad de Valladolid"), como aconteceu con outros integrantes do "Grupo Abrente", o recoñecemento artístico de Vidal Bolaño non se produciu até os anos noventa, cando a obtención de premios institucionais, galegos e portugueses ("Rafael Dieste", "Alvaro Cunqueiro", "Xacobeo 92", "Eixo Atlántico", "María Casares"...), normalizou tanto a publicación das súas obras como o seu coñecemento por parte da prensa e, en consecuencia, do público.

A súa forte personalidade deixou unha profunda pegada nos dramaturgos máis novos, cuxas consecuencias se verán co transcurso do tempo. A figura e a obra de Roberto Vidal Bolaño foron fundamentais na construción dun teatro nacional galego.

Brión ten unha especial relación con Roberto Vidal Bolaño: os seus últimos anos de residencia neste concello, o instituto no que colaborou onde hoxe a súa biblioteca denomínase "Roberto Vidal Bolaño", a casa da cultura onde montou e realizou moitos dos seus espectáculos, e todo Brión onde se inspirou tamén para as súas obras.

Polo anterior propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Solicitar á Real Academia Galega que se dedique o día das letras galegas do ano 2013 a Roberto Vidal Bolaño, escritor, actor e director de teatro.

2º) Trasladar o acordo a outras administracións e institucións galegas solicitando a adhesión a esta petición.

Debate:

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que tivo moita importancia na literatura dramática galega e abarcou moitísimas facetas, tanto de escritor como actor, como incluso no mundo audiovisual; para nós este recoñecemento é moi importante non só por ser un veciño senón pola importancia que tivo nos campos sinalados.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (4) e MIXTO (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

### **9º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS E DACIÓN DE CONTA DE INFORME DE AVALIACIÓN DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.**

Dada conta da proposta da Alcaldía do 11 de xuño de 2012 ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas en sesión do 19 de xuño de 2012, que transcrita di:

Ante circunstancias sobrevidas á aprobación do orzamento e debido á necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, é necesario realizar axustes en varias partidas, dado que non existe no orzamento da corporación crédito ou este é insuficiente.

Conforme ás disposicións vixentes, cando se deba realizar algún gasto para o que non exista crédito orzamentario ou este sexa insuficiente no orzamento vixente, a corporación poderá acordar un crédito extraordinario ou un suplemento de crédito respectivamente. Tal modificación de créditos deberá atenderse indistintamente, co remanente líquido da Tesourería dispoñible no momento da tramitación do expediente, procedente do sobranse da liquidación do exercicio anterior, con novos ou maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no orzamento corrente, ou ben anulando ou minorando o crédito necesario doutras partidas do orzamento, das dotacións que se estimen reducibles, sen perturbación do respectivo servizo. Tamén poderán financiarse con recursos procedentes de operacións de créditos nos casos previstos no art. 36 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Esta Alcaldía co debido asesoramento dos técnicos municipais, estima procedente tramitar o correspondente expediente de modificación de créditos, sendo os recursos que financiarán as baixas ou minoración do crédito doutras partidas do orzamento vixente, e na súa virtude, previo estudo das necesidades, de carácter inaplazable, someto a consideración do Pleno do Concello a modificación que a continuación se especifica e a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos MC 3/2012, de créditos extraordinarios e suplementos de créditos financiados con cargo á minoración ou baixas doutras partidas do orzamento de gastos por importe de 52.697,28 euros, de acordo co seguinte esquema:

#### **1º. SUPLEMENTOS DE CRÉDITO (partidas dotadas insuficientemente)**

| <b>PROX.</b> | <b>Partida orzamentaria</b> | <b>Consignación antes deste expediente (€)</b> | <b>Aumento que se propón (€)</b> | <b>Total consignación resultante (€)</b> | <b>Causas da súa necesidade</b>                 |
|--------------|-----------------------------|--|----------------------------------|--|---|
|              | 132/227.99                  | 3.500,00                                       | 737,50                           | 4.237,50                                 | Recoñecemento extraxudicial de créditos 01/2012 |
|              | 134/214.00                  | 6.000,00                                       | 646,45                           | 6.646,45                                 | Recoñecemento extraxudicial de créditos 01/2012 |
|              | 155/210.00                  | 24.565,83                                      | 1.089,98                         | 25.655,81                                | Recoñecemento extraxudicial de                  |

|                                     |            |            |          |            |   |
|-------------------------------------|------------|------------|----------|------------|---|
|                                     |            |            |          |            | créditos 01/2012                                |
|                                     | 155/213.00 | 15.000,00  | 562,86   | 15.562,86  | Recoñecemento extraxudicial de créditos 01/2012 |
|                                     | 161/210.00 | 10.000,00  | 118,30   | 10.118,30  | Recoñecemento extraxudicial de créditos 01/2012 |
|                                     | 163/226.99 | 2.600,00   | 599,40   | 3.199,40   | Recoñecemento extraxudicial de créditos 01/2012 |
|                                     | 231/450.00 | 6.752,50   | 1.827,28 | 8.579,78   | Recoñecemento extraxudicial de créditos 01/2012 |
|                                     | 231/480.00 | 22.955,15  | 5.163,33 | 28.118,48  | Recoñecemento extraxudicial de créditos 01/2012 |
|                                     | 321/227.99 | 48.000,00  | 3.345,53 | 51.345,53  | Recoñecemento extraxudicial de créditos 01/2012 |
|                                     | 324/227.99 | 36.672,00  | 2.800,00 | 39.472,00  | Recoñecemento extraxudicial de créditos 01/2012 |
|                                     | 334/223.00 | 4.500,00   | 1.911,60 | 6.411,60   | Recoñecemento extraxudicial de créditos 01/2012 |
|                                     | 334/227.99 | 96.411,00  | 4.890,96 | 101.301,96 | Recoñecemento extraxudicial de créditos 01/2012 |
|                                     | 338/226.99 | 14.250,00  | 151,44   | 14.401,44  | Recoñecemento extraxudicial de créditos 01/2012 |
|                                     | 341/223.00 | 26.000,00  | 648,00   | 26.648,00  | Recoñecemento extraxudicial de créditos 01/2012 |
|                                     | 341/227.99 | 31.260,00  | 3.209,96 | 34.469,96  | Recoñecemento extraxudicial de créditos 01/2012 |
|                                     | 920/221.00 | 182.300,00 | 8.521,77 | 190.821,77 | Recoñecemento extraxudicial de créditos 01/2012 |
|                                     | 920/221.03 | 68.400,00  | 8.362,83 | 76.762,83  | Recoñecemento extraxudicial de créditos 01/2012 |
| <b>TOTAL SUPLEMENTOS DE CRÉDITO</b> |            |            |          |            | <b>44.587,19</b>                                |

**2º. CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS (partidas non dotadas no orzamento)**

| <b>CÓDIGO DE PROXECTO</b>           | <b>PARTIDA ORZAMENTARIA</b> | <b>FINS A QUE SE DESTINAN OS CRÉDITOS</b>          | <b>CONSIGNACIÓN</b> |
|-------------------------------------|-----------------------------|--|---------------------|
|                                     | 161/225.02                  | Tributos das EE.LL                                 | 0,42                |
|                                     | 321/223.00                  | Transportes  | 135,00              |
|                                     | 463/489.00                  | Outras transferencias                              | 400,00              |
|                                     | 912/226.99                  | Outros gastos diversos                             | 3.120,00            |
|                                     | 942/463.00                  | Transferencias correntes á M. Santiago e Fundación | 4.454,67            |
| <b>TOTAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO</b> |                             |  | <b>8.110,09</b>     |

### 3º. FINANCIAMENTO

Para financiar os novos créditos sinalados no apartado anterior, pódense arbitrar os recursos seguintes :

A ) Con cargo ao remanente líquido de Tesourería para gastos xerais.

B) Con cargo a novos ou maiores ingresos sobre os totais previstos no orzamento corrente.

C) Con cargo a baixas por anulación total ou parcial de outras partidas do estado de gastos do orzamento en vigor, cunhas consignacións susceptibles de redución.

| PROX. | CODIGO     | DENOMINACIÓN                                | IMPORTE          |
|-------|------------|---|------------------|
|       | 151/120.00 | Retribucións persoal funcionarios urbanismo | 8.735,82         |
|       | 151/120.01 | Retribucións persoal funcionarios urbanismo | 7.204,56         |
|       | 151/120.06 | Retribucións persoal funcionario urbanismo  | 511,80           |
|       | 151/121.00 | Retribucións persoal funcionario urbanismo  | 6.135,72         |
|       | 151/121.01 | Retribucións persoal funcionario urbanismo  | 6.439,08         |
|       | 151/160.00 | Seg. Social persoal urbanismo               | 8.383,44         |
|       | 931/120.00 | Retrib. persoal funcionarios intervención   | 6.697,99         |
|       | 931/120.06 | Retrib. persoal funcionarios intervención   | 183,40           |
|       | 931/121.00 | Retrib. persoal funcionario intervención    | 3.579,32         |
|       | 931/121.01 | Retrib. persoal funcionario intervención    | 4.826,15         |
|       | TOTAL      |   | <b>52.697,28</b> |

D) Recursos procedentes de operacións de crédito.

|  |
|--|
| Importe total do financiamento.....52.697,28 € |
|--|

2º) Expoñer o expediente de modificación de créditos ao público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto no artigo 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, polo prazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións. No caso de que non se presenten reclamacións ao acordo entenderase definitivamente adoptado, debendo publicarse dicha modificación do orzamento, resumida por capítulos, no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e 169.3 do Real Decreto Legislativo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

E dada conta igualmente do informe de Intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria do expediente de modificación de créditos MC 3/2012, do 13 de xuño de 2012, que transcrito na súa conclusión di:

Se conclúe que o Concello ten capacidade de financiamento, polo tanto, a situación é de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria entendido como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no SEC 95, polo que, de conformidade co previsto nos artigos 15 e 16 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, así como da propia Lei orgánica 2/2012, procede:

a) Elevar este informe ao Pleno para a súa toma de razón.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (4) e MIXTO (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos, tomando igualmente coñecemento do informe de Intervención.

#### **10º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.**

Dada conta da proposta da Alcaldía do 11 de xuño de 2012 ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas en sesión do 19 de xuño de 2012, que transcrita di:

Vista a necesidade de recoñecer extraxudicialmente créditos pola presentación de facturas por importe de 103.163,55 euros no departamento de Intervención ( adxúntase a relación no anexo), correspondentes a exercicios anteriores que por diversas causas non puideron ser aplicados ao exercicio orzamentario que correspondía.

En vista do anterior, esta Alcaldía tramitou o correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos para aprobar as facturas ( relacionadas no anexo adxunto a este expediente ), emitíndose o informe de Intervención con data 11 de xuño de 2012, onde consta que en aplicación do artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, o recoñecemento de obrigas correspondentes a exercicios anteriores que por calquera causa non o houberan sido naquel ao que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación, e que neste caso concreto é posible a súa realización.

| UNION FENOSA COMERCIAL SL | B82207275 | 03110510351878 | Servicios en Paseo Pedrouzos | 971,2100 | 920/221.00 |
|---------------------------|-----------|----------------|------------------------------|----------|------------|

|                              |           |                |  |            |            |
|------------------------------|-----------|----------------|--|------------|------------|
| UNION FENOSA COMERCIAL<br>SL | B82207275 | 03110610342237 | Servicios en Paseo Pedrouzos               | 964,6300   | 920/221.00 |
| UNION FENOSA COMERCIAL<br>SL | B82207275 | 03110710310325 | Servicios en Paseo Pedrouzos               | 341,3200   | 920/221.00 |
| UNION FENOSA COMERCIAL<br>SL | B82207275 | 03110810222132 | Servicios en Paseo Pedrouzos               | 1.056,3800 | 920/221.00 |
| UNION FENOSA COMERCIAL<br>SL | B82207275 | 03110810222130 | Servicios en Praza Carballeira Santa Minia | 378,1200   | 920/221.00 |
| UNION FENOSA COMERCIAL<br>SL | B82207275 | 03110810211803 | Servicios en Monte Balado                  | 674,4400   | 920/221.00 |
| UNION FENOSA COMERCIAL<br>SL | B82207275 | 03110810211802 | Servicios en Agro Novo                     | 313,9900   | 920/221.00 |
| UNION FENOSA COMERCIAL<br>SL | B82207275 | 03110810243377 | Servicios en Sabaxáns                      | 1.288,1900 | 920/221.00 |
| UNION FENOSA COMERCIAL<br>SL | B82207275 | 03110810262639 | Servicios en Agro Novo                     | 106,0800   | 920/221.00 |
| UNION FENOSA COMERCIAL<br>SL | B82207275 | 03111110270854 | Servicios R/ Inxerido                      | 506,9500   | 920/221.00 |
| UNION FENOSA COMERCIAL<br>SL | B82207275 | 03111210282192 | Servicios R/ Inxerido                      | 467,9300   | 920/221.00 |
| UNION FENOSA COMERCIAL<br>SL | B82207275 | 03110910057461 | Servicios no Tremo                         | 116,2100   | 920/221.00 |
| UNION FENOSA COMERCIAL<br>SL | B82207275 | 03110910174638 | Servicios en Pedrouzos                     | 740,0800   | 920/221.00 |
| UNION FENOSA COMERCIAL<br>SL | B82207275 | 03110910056883 | Servicios en Soutullos                     | 1.130,8300 | 920/221.00 |
| UNION FENOSA COMERCIAL<br>SL | B82207275 | 03110910173896 | Servicios en Monte Devesa                  | 1.159,7600 | 920/221.00 |
| UNION FENOSA COMERCIAL<br>SL | B82207275 | 03110910053894 | Servicios en Santa Minia nº 70             | 1.842,4400 | 920/221.00 |
| UNION FENOSA COMERCIAL<br>SL | B82207275 | 03110910054361 | Servicios en Paseo Pedrouzos               | 302,3400   | 920/221.00 |
| UNION FENOSA COMERCIAL<br>SL | B82207275 | 03110910060601 | Servicios en Paseo Pedrouzos               | 474,2500   | 920/221.00 |
| UNION FENOSA COMERCIAL<br>SL | B82207275 | 03110910056339 | Servicios en Santa Minia nº 46             | 784,6300   | 920/221.00 |
| UNION FENOSA COMERCIAL<br>SL | B82207275 | 03111010008676 | Servicios en Paseo Pedrouzos               | 210,7100   | 920/221.00 |
| UNION FENOSA COMERCIAL<br>SL | B82207275 | 03111010011218 | Servicios en Soutullos                     | 791,5100   | 920/221.00 |
| UNION FENOSA COMERCIAL<br>SL | B82207275 | 03111010011219 | Servicios en Santa Minia 46                | 516,2300   | 920/221.00 |
| UNION FENOSA COMERCIAL       | B82207275 | 03111010015311 | Servicios en Pedrouzos                     | 779,9300   | 920/221.00 |



SL

|                              |           |                |  |            |            |
|------------------------------|-----------|----------------|--|------------|------------|
| UNION FENOSA COMERCIAL<br>SL | B82207275 | 03111010018737 | Servicios en Santa Minia nº 70             | 1.308,3800 | 920/221.00 |
| UNION FENOSA COMERCIAL<br>SL | B82207275 | 03111010083128 | Servicios en Paseo Pedrouzos               | 505,2300   | 920/221.00 |
| UNION FENOSA COMERCIAL<br>SL | B82207275 | 03111010092769 | Servicios en Monte Devesa                  | 832,8600   | 920/221.00 |
| UNION FENOSA COMERCIAL<br>SL | B82207275 | 03111010094173 | Servicios en Monte Balado                  | 326,9100   | 920/221.00 |
| UNION FENOSA COMERCIAL<br>SL | B82207275 | 03111010094174 | Servicios en Agro Novo nº 93               | 216,0700   | 920/221.00 |
| UNION FENOSA COMERCIAL<br>SL | B82207275 | 03111010102062 | Servicios en Praza Carballeira Santa Minia | 183,3400   | 920/221.00 |
| UNION FENOSA COMERCIAL<br>SL | B82207275 | 03111010102063 | Servicios en Paseo Pedrouzos               | 1.011,3400 | 920/221.00 |
| UNION FENOSA COMERCIAL<br>SL | B82207275 | 03111010151928 | Servicios en Sabaxáns                      | 1.095,2500 | 920/221.00 |
| UNION FENOSA COMERCIAL<br>SL | B82207275 | 03111010155094 | Servicios en Praza Carballeira Santa Minia | 713,6900   | 920/221.00 |
| UNION FENOSA COMERCIAL<br>SL | B82207275 | 03111010154271 | Servicios en O Tremo                       | 5.073,2400 | 920/221.00 |

|  |
|--|
| <b>UNION FENOSA COMERCIAL SL</b> Plaza del Gas nº 1, Barcelona |
|--|

|                    |
|--------------------|
| <b>28.191,2100</b> |
|--------------------|

**103.163,5500**

2º) Aplicar con cargo ás partidas recollidas especificamente no expediente de modificación de créditos MC 3/2012 estas obrigas. A efectividade deste acordo quedará condicionada á aprobación definitiva e entrada en vigor do expediente de modificación de créditos citado que dará cobertura orzamentaria ao presente expediente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (4) e MIXTO (1) (BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

### **11º) MOCIÓNS.**

Apróbase a urxencia por unanimidade dos trece membros presentes das seguintes mocións:

Neste intre abandoa o salón de plenos o Sr. Concelleiro Sampedro Bouzas.

## **1) MOCIÓN DO GRUPO MIXTO (BNG) PARA QUE A XUNTA DE GALIZA REVOQUE O ACORDO DE SUPRESIÓN DOS SERVIZOS QUE SE PRESTAN A TRAVÉS DAS OFICINAS LIQUIDADORAS DE TAXAS E IMPOSTOS.**

Dada conta da moción que transcrita di:

As persoas titulares dos Rexistros da Propiedade das vilas e cabeceiras de comarca de Galiza, agás aqueles situados nas cidades da Coruña, Vigo, Lugo, Ourense, Pontevedra e Santiago, veñen de coñecer a intención da Xunta de Galiza de non proceder á renovación do convenio que expira o 31 de decembro deste ano, en virtude do cal estes prestaban os servizos, entre outros, de oficinas liquidadoras de diferentes taxas e impostos.

A través destas oficinas liquidadoras nos diferentes Rexistros da Propiedade veñen realizando todas as xestións relacionadas con sucesións, transmisións, actos xurídicos documentados, societarios, etc., ademais da correspondente liquidación das taxas e xestións como as relacionadas coa interposición de recursos de reposición, comprobación de valores, notificacións ou requirimentos ás persoas interesadas, entre outras.

Ademais a existencia nas mesmas de persoal especializado no ámbito do dereito civil, propiedade, etc. permite prestarlles ás persoas do ámbito de actuación no que se atopa o noso concello, servizos de información e asesoramento ao tempo que actúan como arquivos de documentos e escrituras privadas. Hai que ter en conta que en Galiza non hai tradición de escritura publica polo que resulta moi importante o labor de arquivo de escrituras privadas que veñen realizando estas oficinas, xa que arquivan un exemplar de cada documento privado que é obxecto dalgún trámite nesa oficina e queda alí para o futuro; podendo as persoas interesadas acudir en caso de extravío ou para futuras partillas de persoas herdeiras.

De proceder por parte do goberno da Xunta de Galiza á desaparición destas oficinas liquidadoras o Rexistro da Propiedade de vilas e cabeceiras de comarca pasarán a ser meros receptores, obrigando aos veciños e veciñas interesadas a acudir ás cidades antes citadas para realizar o resto dos trámites relacionados coa liquidación, ademais de perder o resto dos servizos que se lles viñan prestando. No caso do noso Concello a desaparición deste servizo na oficina de Negreira obrigaría ás persoas a desprazarse obrigatoriamente a Santiago.

Esta actuación supón un novo golpe de graza do goberno do PP á poboación que vive fóra dos grandes núcleos urbanos da nosa nación pois trátase dunha medida que priva de servizos cos que viñan contando as persoas que viven en vilas e aldeas do rural. Trátase dunha medida que vai claramente en contra do proceso de comarcalización dos servizos e do equilibrio territorial. O que ven demostrar o nulo interese do PP polo mantemento de poboación e actividade económica nas cabeceiras de comarca, nas vilas e nas aldeas, e o exercicio dunha política que priva á xente destes lugares de máis servizos, incrementando a súa dependencia das grandes cidades.

Levar a cabo unha decisión deste calibre supón menosprezar as características da poboación galega, tanto no que atinxe á súa dispersión, as súas condicións socioeconómicas, ao seu envellecemento como aos grandes déficits de mobilidade que padece en gran parte do noso territorio, ao que debemos engadir outras decisións lesivas como a redución do mapa xudicial.

Esta nova medida do PP vai motivar a perda de arredor 150 postos de traballo en Galiza, postos de traballo cualificados e asentados en contornos sensibles como o medio rural, baixo o pretexto do aforro e a austeridade.

Por iso, o grupo municipal mixto (BNG ) solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

1º) Instar á Xunta de Galiza a revocar a súa determinación de suprimir as funcións de oficinas liquidadoras que se realizan a través dos Rexistro da Propiedade de vilas e cabeceiras de comarcas, e a que se renoven os convenios asinados até agora.

Debate:

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que estas oficinas liquidadoras segundo información que temos fan xestións tributarias sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados e na provincia hai trece e a nós afectaríanos pola oficina de Negreira e tampouco sería moi problemático para os nosos veciños porque a distancia a Santiago e Negreira é practicamente a mesma e incluso a Santiago a frecuencia de autobuses é maior e ademais son liquidacións automáticas que se fan no momento.

Engade o Sr. Concelleiro que cando se adopta unha medida así está claro que non é unha medida popular, pero nos atopamos nuns tempos de crise e ademais existe unha duplicidade de funcións porque a Xunta de Galicia ten corpos específicos e formados para facer estas funcións; sinala que non é grato que a xente poida ir ao paro, por suposto que non, pero é un deber a reorganización de tarefas e persoal na administración pública; eu teño constancia pola Xunta de que se consultou o tema co organismo central encargado diso e que se lle comunicou que non era moi interesante para eles o tema do convenio, polo que a Xunta tomou outras medidas para incrementar o servizo e a mellora do mesmo.

O Sr. Alcalde sinala que nós estamos de acordo coa moción pero presentamos in voce a seguinte emenda de adición: un apartado 2º) que di: Nomeadamente, garantizará que no Concello de Brión os contribuíntes poderán cumprimentar as súas obrigas tributarias coa comunidade autónoma, cando menos con idénticas facilidades das que hoxe existen.

Aceptada a emenda polo grupo propoñente da moción, e sometida a votación a moción, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 8, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7) e MIXTO (1) (BNG).

Votos en contra: 4, pertencentes ao grupo municipal do PP (4).

Abstencións: 0.

En consecuencia queda aprobado o seguinte acordo:

1º) Instar á Xunta de Galiza a revocar a súa determinación de suprimir as funcións de oficinas liquidadoras que se realizan a través dos Rexistro da Propiedade de vilas e cabeceiras de comarcas, e a que se renoven os convenios asinados até agora.

2º) Nomeadamente, garantizará que no Concello de Brión os contribuíntes poderán cumprimentar as súas obrigas tributarias coa comunidade autónoma, cando menos con idénticas facilidades das que hoxe existen.

## **2) MOCIÓN DO GRUPO MIXTO (BNG) RELATIVA Á SUPRESIÓN DOS CAMPAMENTOS DE VERÁN PARA NENOS E NENAS DO NOSO CONCELLO.**

Dada conta da moción que transcrita di:

O Concello de Brión leva máis de 20 anos organizando os campamentos de verán para nenas e nenos deste Concello.

Dende o BNG sempre nos pareceu interesante esta iniciativa, aínda que, en algún aspecto, podía ser manifestamente mellorable. Sempre entendimos que era unha actividade na que os

nenos e as nenas, xa fora do ámbito escolar, aprendían a convivir, relacionarse e ter novas experiencias, dunha forma lúdica e participativa. Igualmente tiña aspectos que permitían unha conciliación familiar.

Por información que nos transmitiron diversos pais e nais, dáse por seguro que este ano o Concello non está no ánimo de organizar estas actividades. Tamén os pais e nais nos manifestan que non se lles deu explicación de cales son as causas polas que non se organizarían este ano os campamentos.

De ser certo este rumor o noso grupo considera que é dunha extraordinaria gravidade, e, posto que esta actividade tiña gran aceptación social e permitía que moitos nenos e nenas, nestes tempos de dificultades, puideran gozar desta actividade de ocio a un prezo razoable. A supresión dos campamentos é un evidente recorte nas políticas sociais deste Concello.

Por todo iso o grupo municipal mixto (BNG) propón ao Concello en Pleno a toma en consideración do seguinte acordo:

1º) Que se manteña a actividade dos campamentos de verán aos nenos e nenas deste Concello nos termos que se viñan realizando nestes últimos anos.

2º) Que, se fora necesario, se negocie cos pais e nais, os cambios necesarios nas taxas e outros asuntos con ánimo de que entre todos poidan sufragarse os custes da actividade.

O Sr. Alcalde sinala que existe igualmente sobre este tema un rogo do grupo municipal do PP que tratarase conxuntamente coa moción, aínda que só se votará a moción.

O rogo do PP ten o seguinte contido:

Exposición de motivos:

Desde fai quince días, este grupo ten constancia por moitos pais e nais do seu malestar por unha actividade, que sen previo aviso por parte do Concello, foi eliminada.

Falamos do "Campamento de Verán", mediante o cal, nenos e nenas podían disfrutar dunhas actividades ao aire libre en contacto directo ca natureza, e na que podían experimentar novas sensacións ao durmir fora da súa casa, relacionándose con máis nenos.

Do mesmo xeito, durante estes días nos que os cativos estaban fora da casa, as súas nais e pais, podían conciliar a súa vida laboral familiar, sen estar pendente de horarios para levalos ou recollelos a ningures. Deste xeito, podían organizar a súa vida, as súas vacacións, facer tarefas pendentes, etc.

Pero sen previo aviso, nin saber os motivos, este ano o Concello non organizou o campamento antes sinalado. En cambio, si está a publicar os "obradoiros de verán", como se foxe o mesmo. Cando non ten nada que ver unha actividade ca outra.

Nestes obradoiros, tan só durante o mes de xullo, e tan só catro horas ao día, os nenos terán actividades baixo teito, é dicir, no pavillón de deportes. Deste xeito, nin están ao aire libre, nin en contacto ca natureza, nin terán esa experiencia de durmir fora da casa.

E tampouco os seus pais e nais, poderán conciliar perfectamente a súa vida laboral familiar, xa que terán que seguir pendentes dalgunha persoa para o coidado dos nenos, así como atados polos horarios de levalos e recollelos ao pavillón.

Durante estes últimos quince días e ata o día de hoxe, reiteramos que foron moitas as nais e pais que nos amosaron o seu malestar. Moitos deles, incluso están dispostos a pagar máis cartos por esa actividade, para que non lle supoña un forte desembolso ao Concello.

E sobre todo, algo que botan en falla, é que por parte do Concello, se lles dera unha cifra aproximada do custo do campamento, para que eles puideran elixir, se lles conviña economicamente enviar aos seus fillos ou non.

Segundo información adquirida polo noso grupo popular, a Xunta de Galicia ven facéndose cargo da gran maioría dos custos, é dicir, o aloxamento e a mantención (almorzo, comida e cea). Quedando como custo, os cartos dos monitores.

Á vista desa gran axuda, o Concello de Brión apenas tería custos económicos, que ademais, ven puidera solventar coas achegas que moi gustosamente farían as nais e pais.

Por conseguinte, elévase ao Pleno o seguinte rogo:

1. Que o Alcalde de Brión faga as xestións pertinentes canto antes (a poder ser incluso antes da celebración do Pleno correspondente ao mes de xuño), para organizar un "Campamento de Verán" neste ano 2012.
2. Que se faga un estudo do custo económico, e se lles dea a coñecer aos pais e nais o antes posible.
3. Se nos informe dos motivos polos cales este ano non quixo facer o citado campamento.
4. Se nos comunique se o Concello solicitou a subvención que a Xunta de Galicia outorga para estes campamentos, e se foi concedida ou denegada.

Debate:

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que iba a maioría dos veciños e era un programa moi valorado e según vin nos xornais se debe a problemas económicos pero que tamén algúns pais e nais me dixeron que podían incrementar o pago aínda que outra xente non pode achegar máis, polo que o Concello podería subvencionar ou buscar fórmulas alternativas.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que era unha boa actividade que facía o Concello, moi interesante polo coñecemento da natureza e conciliación da vida laboral e familiar; non sabemos se os motivos son económicos e por iso preguntei se foi solicitada a subvención porque coñezo a pais que poden asumir un incremento; engade que agora hai uns obradoiros de verán que se fan no pavillón e que esta actividade é ben recibida pero non é o mesmo posto que non hai un coñecemento da natureza e os pais teñen que recollelos polo que non hai conciliación coa vida laboral.

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira Vázquez Lamas sinala que non se suprime, se modifica a actividade, que este ano se quería manterse debía sufragarse na totalidade polo Concello e polos pais e nais porque a Xunta non sacou a convocatoria; que este campamento custa sobre 10.000 euros en total e a Xunta achega 2.700 euros que é a subvención do 50% do aloxamento e mantención, o outro 50% ten que pagalo o Concello e os pais e ademais os monitores, non vemos a gran axuda da Xunta de Galicia da que fala vostede, que hai que louvar que os pais e nais poidan pagar máis e non o Concello, pero que este campamento de verán naceu para os que tiñan menos recursos e aumentando as cotas se conseguiría unha discriminación por mor da renda e por iso buscouse unha alternativa para o mes de xullo que é máis demandado pola cidadanía e que supón un importante esforzo para o Concello e non o teñen que soportar os pais e dispoñen de transporte gratuíto e as actividades son as mesmas, agás que non durmirán fóra da casa e a praia se substituíu por piscina

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que primeiro di vostede que non hai subvención e logo di que só hai subvención do 50% e pregunta ¿hai ou non hai subvención?.

A Srª. Concelleira Vázquez Lamas sinala que non hai subvención para voluntariado, nin para xuventude, a única subvención que hai para actividades extraescolares é para abandono escolar; a única subvención, e non é subvención sequera, é unha achega do 50% do aloxamento e manutención do albergue, o resto o pagan os pais e nais máis o monitoraxe; o custo total é de 10.000 euros aproximadamente e van sobre 45/50 nenos e pagan 100 euros cada un.

Sinala o Sr. Concelleiro Pena Espiña que entón a achega do Concello non chega a 6.000 euros.

Sinala a Srª. Concelleira que o Concello achega 7.600 euros só de manutención e monitoraxe.

Sinala o Sr. Concelleiro Pena Espiña que a achega do Concello é pequena e se poden reducir outros gastos e que aquí subxace outro asunto que non quero comentar agora.

O Sr. Alcalde sinala que os campamentos comezaron hai moitos anos e ao principio cada rapaz levaba o que podía ter na casa, para que poideran participar todos; segundo os cálculos da persoa que leva este campamento custaría sobre 260/300 euros por neno, pareceunos unha barbaridade e pareceunos lóxico nos pasarlle iso aos pais, e por iso decidimos non facer o campamento este ano, polo custo elevado para os pais; farase en xullo un campamento, e non será só un campamento de verán como se fai en todas as vilas de Galicia, porque farán excursións á cidades e á praia e terán os mesmos dereitos os nenos ricos e os pobres, e é certo que hai pais que poden pagalo e para elo contan co apoio do Concello e así se lles falicitou o local e se puxo á súa disposición ao técnico para que poida axudarlles cos trámites e se poden pagalo que o paguen, pero eles, e non que impidan que outros rapaces poidan facer o campamento.

Sometida a votación a moción logo do debate conxunto de moción e rogo, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 5, pertencentes aos grupos municipais do PP (4) e MIXTO (1) (BNG).

Votos en contra: 7, pertencentes ao grupo municipal do PSG-PSOE (7).

Abstencións: 0.

Queda rexeitada a moción.

### **3) MOCIÓN DO GRUPO MIXTO (BNG) RELATIVA Á REVISIÓN DO ACORDO DE EXENCIÓN DO PAGAMENTO DO IMPOSTO SOBRE BENS INMÓBEIS (IBI) POR PARTE DA IGREXA CATÓLICA, OU COMPENSACIÓN EN TANTO NON SE PRODUCIR A REVISIÓN.**

Dada conta da moción que transcrita di:

En función dos acordos subscritos entre o Estado español e a Santa Sede en 1976 e 1979, a Igrexa Católica conserva varios privilexios, impropios dun Estado que se declara aconfesional. Parte destes privilexios son de carácter económico, o que supón que a Igrexa Católica goce dun financiamento e condicións económicas excepcionais. Así, obtén financiamento directo mediante o IRPF e está exenta do pago de varios impostos. Entre eles, goza dunha exención no pagamento do IBI por todos os bens inmóbeis que posúe, tal e como contempla a letra c) do primeiro punto do artigo 62 do "Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se

aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais", unha exención que se estende tamén a outras asociacións confesionais non católicas.

Na situación actual de grave crise económica, cunhas consecuencias que están a repercutir en toda a poboación, que sofre recortes laborais, sociais e económicos, e que debe cumprir coas súas obrigas tributarias, resulta incomprensible -tendo en conta ademais a delicada situación financeira no ámbito local- que a Igrexa Católica teña o privilexio de non tributar aos concellos polo seu enorme patrimonio, ao tempo que percibe financiamento directo e subvencións para a conservación e mantemento dos seus fondos patrimoniais. Nun informe de 2010, a Dirección Xeral do Catastro daba cifras do patrimonio estritamente relixioso da Igrexa católica en Galiza: 7.691 inmóbeis e un valor catastral de 426 millóns, cantidade que non repercute nos orzamentos municipais.

É necesario repartir con xustiza os custos e esforzos da crise, tamén no ámbito fiscal. Neste sentido, o BNG ten demandado en numerosas ocasións a necesidade de acometer unha reforma fiscal que acentúe o carácter progresivo do sistema, de xeito que se incremente a equidade e a xustiza do mesmo, ao tempo que permita incrementar os ingresos públicos, gravando con maior progresividade as rendas de capital ou os grandes beneficios empresariais, así como a creación dun imposto sobre as grandes fortunas.

Xusto o contrario do que realizaron os últimos gobernos do Estado, cuxa política fiscal é regresiva, e afecta a quen ten menos recursos. O Goberno do PSOE incrementou o IVE, mentres que unha das primeiras medidas do Goberno de Rajoy foi precisamente incrementar o IBI, nalgúns concellos ate o 10 %, e IRPF (Real Decreto-Lei 20/2011), mentres que na Xunta de Galiza, Feijoo esqueceuse da súa promesa de rebaixar o IRPF.

O BNG vén reclamando dende fai tempo tanto a revisión dos Acordos coa Santa Sede como, nomeadamente, a supresión da exención do pago do IBI por parte da Igrexa. Son numerosas as iniciativas que o BNG vén levando a cabo neste sentido. A instancias do BNG, en marzo deste ano debateuse no Congreso dos Deputados unha proposición non de lei que instaba ao goberno a revisar os acordos coa Santa Sede para adecualos ao carácter aconfesional do Estado Español. Esta iniciativa foi rexeitada cos votos en contra de PP e CiU.

Tamén en marzo, o BNG registrou no Congreso unha proposición non de lei na que demanda á Igrexa Católica o pago do IBI polos bens inmóbeis que posúe, unha iniciativa que aínda non foi debatida.

E tempo de corrixir esta situación e de rematar con privilexios que resultan discriminatorios para a maioría da poboación que sofre consecuencias graves polas políticas de recortes nos servizos públicos, por parte dos gobernos da Xunta de Galiza e do Estado, mentres debe seguir a pagar os seus impostos.

Por iso, o grupo municipal mixto( BNG) solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

1º) Instar ao Goberno do Estado a revisar e modificar os acordos internacionais asinados coa Santa Sede en 1976 e 1979, para adecuarse ao carácter aconfesional do Estado español, e que supoñan a supresión dos privilexios dos que goza a Igrexa Católica no Estado e nomeadamente permita a suxeición ao IBI do seu patrimonio.

2º) Mentres non se leve a cabo a revisión contemplada no primeiro punto, negociarase coa Igrexa católica unha compensación aos Concellos por estar exenta do pagamento do IBI.

3º) Instar ao Parlamento de Galiza e a Xunta de Galiza a que fagan propios os puntos anteriores, e xa que lo go, insten ao Goberno do Estado a suprimir os privilexios dos que goza a

Igrexa Católica e mentres non se leve a cabo, soliciten da Igrexa Católica unha compensación aos concellos galegos.

4º) Instar ao Goberno municipal a realizar un censo municipal dos inmóbeis pertencentes á Igrexa Católica e a outras confesións relixiosas.

Debate:

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que esta proposta está de moda e tamén está a ser defendida polo PSOE en España; se defende non como revanchismo contra a Igrexa Católica, senón para que contribúa como todos e máis nestes tempos.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que hai cousas que están de moda pero tampouco teñen o sentido que deberan; tamén parece que está de moda atacar á Igrexa Católica porque hai outras relixións que tampouco pagan este imposto e ninguén di nada.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que na moción tamén se fala diso.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que a Igrexa Católica polos servizos que ofrece produce beneficios á sociedade española do todo tipo, que segundo os datos do ano 2008 a Igrexa Católica recibe 150 millóns de euros polo IRPF e 3.983 millóns de euros lle aforra ao Estado só en educación, que en axuda social atendía a 2.5 millóns de persoas e nestes tempos estes datos aumentaron moito máis; que o do IRPF é unha asignación voluntaria dos españois e son millóns de persoas as que o fan, en cambio a outros os obrigan para que vaxan cartos aos sindicatos e aos partidos políticos para campañas electorais; penso que o aforro que a Igrexa Católica lle fai ao goberno do Estado, goberne quen goberne, é moi superior ao que teña que gastar o Estado.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que non hai que “mezclar churras con merinas”, que unha cousa é beneficencia, caridade, etc..., que eu neste territorio non quero entrar, nós falamos de dereitos iguais para todos, e esta exención fiscal da Igrexa Católica e das outras confesións relixiosas non debe manterse nun Estado democrático, somos todos iguais, diso é do que se trata, aí ten que estar o debate, non noutro territorio.

O Sr. Alcalde sinala que nós tiñamos outra moción, que non imos presentar, pero que emendamos in voce o apartado 1º da presentada no senso de substituír onde di do seu patrimonio polo texto: a todos aqueles bens inmobles cuxo destino non está vinculado ao culto.

O Sr. Concelleiro proponente da moción sinala que iso é evidente, se acepta.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción coa emenda aceptada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 8, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7) e MIXTO (1) (BNG).

Votos en contra: 4, pertencentes ao grupo municipal do PP (4).

Abstencións: 0.

En consecuencia queda aprobado o seguinte acordo:

1º) Instar ao Goberno do Estado a revisar e modificar os acordos internacionais asinados coa Santa Sede en 1976 e 1979, para adecuarse ao carácter aconfesional do Estado español, e que supoñan a supresión dos privilexios dos que goza a Igrexa Católica no Estado e



nomeadamente permita a suxeición ao IBI a todos aqueles bens inmobles cuxo destino non está vinculado ao culto.

2º) Mentres non se leve a cabo a revisión contemplada no primeiro punto, negociarase coa Igrexa católica unha compensación aos Concellos por estar exenta do pagamento do IBI.

3º) Instar ao Parlamento de Galiza e a Xunta de Galiza a que fagan propios os puntos anteriores, e xa que logo, insten ao Goberno do Estado a suprimir os privilexios dos que goza a Igrexa Católica e mentres non se leve a cabo, soliciten da Igrexa Católica unha compensación aos concellos galegos.

4º) Instar ao Goberno municipal a realizar un censo municipal dos inmóbeis pertencentes á Igrexa Católica e a outras confesións relixiosas.

## **12º) ROGOS E PREGUNTAS.**

### **12.1. Preguntas formuladas por escrito polo grupo municipal do PP:**

- En relación as obras feitas no lugar de A Torre nº 7 por D. Antonio Bello Couso sen as correspondentes licenzas, e tratadas nun Pleno extraordinario celebrado este ano 2012, había unha delas, que foi denunciada por unha veciña do lugar.

En concreto, se trataba das obras realizadas polo infractor antes citado relativas a unha caseta de madeira ubicada xusto ao carón do hórreo existente nesa finca.

A raíz daquela denuncia e do seu posterior debate no Pleno municipal, o Concello de Brión mediante decreto do 24/2/12, ordenou a incoación do expediente de reposición da legalidade pola execución de obras de ampliación da caseta de madeira.

Posteriormente, o Sr. Bello presentou solicitude nese Concello para legalizar dita obra de ampliación, e a referida documentación xunto co correspondente informe municipal, foi enviado polo Concello de Brión á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para que se emitira o correspondente informe.

Na Xunta de Goberno Local do 29/5/12 o Concello de Brión, daba conta desta instancia presentada polo Sr. Bello, dicindo que "solicita licenza de legalización de obras de reforma da cuberta dun alpendre".

E do mesmo xeito, ese Concello dicía que "as obras consisten na ampliación da vertente da cuberta do alpendre de xeito que esta voe por diante do alpendre facendo un porche dun metro de ancho, para o que se substitúe a actual cuberta por outra nova a base de uralita e tella".

Remataba este apartado r) do punto segundo da Xunta de Goberno Local antes citada, acordando por unanimidade conceder a licenza de legalización solicitada.

1. Conta ese alpendre ou caseta de madeira coas correspondentes licenzas municipal e autonómica?. Non nos estamos a referir ás obras recentemente legalizadas, senón se ese alpendre ou caseta, é legal e se fixo coas correspondentes licenzas.

2. A este grupo popular non lle consta ningún tipo de licenza para dita construción. E dito alpendre, foi construído fai moi pouco tempo segundo se pode apreciar nas fotografías aéreas existentes, e que tamén están en poder dese Concello.

Se resultase que non tiña ningunha licenza, por qué o Concello non paralizou as obras, nin abriu o correspondente expediente sancionador, nin dixo nada sobre a ilegalidade do alpendre

cando se tratou deste asunto no Pleno extraordinario celebrado polas obras feitas polo Sr. Bello no lugar de A Torre?.

3. De non ter licenza ese alpendre ou caseta, informou o Concello de Brión á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria sobre esta falta cando lle remitiu a documentación do Sr. Bello para legalizar as obras de reforma da cuberta?.

4. Segundo denuncia presentada nese Concello pola Sra. Blanco Fresco, no mes de febreiro do presente, esa caseta foi ampliada. É dicir, non só se fixeron obras no tellado, senón que foi ampliada en altura e volume.

Comprobou ditos feitos ese Concello ou se puxo en contacto coa denunciante para pedirlle algún tipo de probas sobre o aumento de altura e volume?.

Por qué non informou desta denuncia e deste aumento de volume e altura á Consellería de Cultura antes citada, cando lle remitiu ese Concello a documentación do Sr. Bello para legalizar as obras de reforma da cuberta ?.

Responde o Sr. Alcalde que estas preguntas son sobre un tema moi manido, nada orixinal, sobre unhas casetas en Torres de Altamira, que se puxeron unhas tablas nunha caseta e se fixeron con anterioridade moitas preguntas, se fixo un Pleno extraordinario, vaian vostedes alí para ver do que estamos a falar e que por curiosidade na foto sacada hoxe está o horreo pero non vexo o caseto que di vostede, e xurólle que o caseto está alí; vostede me di que mire na foto e eu na foto non a vexo nin hoxe e estar está alí.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que a foto é de hoxe pero pode ter moitos anos.

O Sr. Alcalde sinala que vostede me di que mire na foto e eu miro e non está na foto e que eu pola mesma non podo saber se é antiga ou non a caseta, paréceme ben as persecucións que faga vostede, ¿por qué non pregunta porqué a Deputación sacou as noites de cine?, ¿por qué non pregunta porqué a Xunta non executou os convenios asinados con este Concello?.

Eu vou contestarlle ás preguntas que vostede fai e vostede dirá que eu non lle respondo pero é o seu problema. Sinala o Sr. Alcalde que a denuncia da señora se refería, en exclusiva, á ampliación da caseta de madeira existente, en ningún caso pola mesma se puxo de manifesto que a citada caseta fóra realizada recentemente, polo que o expediente de reposición da legalidade urbanística iniciouse pola ampliación da mesma, sendo ese o único aspecto enxuzado polo expediente.

Cando se realizou a visita de inspección comprobouse a realidade da caseta de madeira, apreciándose que as únicas obras recentes eran as de ampliación da caseta, existindo signos evidentes de que a caseta de madeira podería ter unha antigüidade superior aos seis anos.

Visto que en todo caso se trataba dunha construción de pequena entidade, e que todo apuntaba a que o prazo para adoptar medidas de reposición da legalidade urbanística transcorrerá, os servizos técnicos se centraron na denuncia interposta, co resultado xa coñecido.

Se indica que o alpendre/galpón, caseta de madeira foi construído hai pouco tempo sinalando que dito extremo se pode apreciar nas fotografías aéreas.

As fotografías aéreas carecen de precisión de detalle, sendo de imposible apreciación unha caseta tan pequena como a existente na parcela e proba evidente delo é que as fotografías aéreas actuais non reflexan actualmente a caseta, e certamente está alí, polo que intentar datar a antigüidade dunha caseta nas fotografías aéreas non ten fundamento.

En relación coa ampliación da caseta de madeira debe sinalarse que polos servizos técnicos municipais se xirou visita de inspección ao lugar en data 23.02.2012, emitíndose informe técnico no que se pon de manifesto que respecto ao galpón ou caseta de madeira se realizaron obras de reforma da cuberta, polo que se iniciou expediente de reposición da legalidade por obras de ampliación de caseta de madeira, non sendo necesario requirir á denunciante probas da súa denuncia, xa que polos servizos técnicos municipais xa se indicaba que se tivera feito unha ampliación de dita caseta.

Ao tratarse de obras legalizables e de conformidade coa lexislación urbanística requiriuse ao denunciado para que procedera a solicitar a súa legalización e así o fixo. A licenza de legalización sinala claramente que se legalizaron as obras de ampliación nos termos indicados na propia licenza.

Respecto á pregunta relativa a se se remitiu á Consellería de Cultura copia da denuncia, sinalar que como ben pode comprobarse na autorización outorgada por dita consellería ás obras de legalización, acordouse expresamente dar traslado do presente acordo ao servizo de vixilancia e inspección por terse aberto expediente relativo ás obras de legalización, polo que aínda que o Concello non deu traslado formalmente á Consellería de Cultura, esta si tiña coñecemento do expediente de reposición da legalidade urbanística tal como fai constar na súa autorización. Está contestado absolutamente todo.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo pregunta ten licenza ou non?, e solicita que conste en acta que o Sr. Alcalde non me contestou.

#### **12.2. Pregunta formulada verbalmente polo grupo municipal do PP:**

1. Na piscina dos Ánxeles hai un cartel que informa da próxima apertura de pista de padel, ¿como é iso?.

Responde o Sr. Alcalde que xa se lle contestará.

#### **12.3. Preguntas formuladas por escrito polo grupo Mixto (BNG):**

Nos pasados días a prensa comarcal do Barbanza daba conta das dificultades polas que está atravesando a planta de tratamento de lixo de Lousame, pertencente á Mancomunidade Serra do Barbanza. En concreto a entidade xestora da planta parece que ten deseñado un chamado plan de aforro que consiste, no esencial, en reducir a periodicidade no servizo de recollida de lixo nos diferentes concellos que utilizan os servizos da planta de Servia.

Por outra banda, a entidade xestora tamén facía fincapé nos constantes e continuos retrasos nos pagos dos diferentes concellos e apuntaba que tan só Noia e Porto do Son se atopaban ao día nos pagos.

O noso grupo quere saber:

1. Se é certo que se vai reducir a periodicidade no servizo de recollida de lixo no noso Concello e, no caso de ser certo, de que maneira vai afectar ás taxas que os veciños e veciñas están a pagar polo servizo.

2. Se é certo que o noso Concello ten pagos pendentes coa entidade xestora da planta de tratamento de lixo de Lousame.

Responde o Sr. Alcalde que non hai absolutamente nada diso, só hai unha solicitude do seu grupo no Concello de Carnota sobre se se pode reducir a periodicidade. O Concello de Brión non fixo ningunha pregunta nin pensa reducir o servizo.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que a planta é un proxecto que hai que manter como sexa.

O Sr. Alcalde sinala que hai que gardar as formas, que eu xa lle contestei e xa lle dixen que só hai unha pregunta do Concello de Carnota porque non podía pagar e que o Concello de Brión non pensou para nada en reducir o servizo e o Concello de Brión non debe nada, pero non podemos pagar mentras non nos chegue a liquidación que ten que enviar a planta, independentemente do que diga o xornal.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que o xornal La Voz de Galicia fala de que a planta platenxou un plan de aforro.

O Sr. Alcalde sinala que eu son membro e a planta non me fixo ningunha proposta e nós non debemos nada para a nosa tranquilidade.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as catorce horas e vinte minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O Alcalde.

O Secretario.

Vº e Prace.

Asd. José Luis García García.

Asd. Javier Nieves González.